

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 8 de xuño de 2017

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
M^a José Caride Estévez

Invitados

D. Javier Pardo Espiñeira
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día oito de xuño de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(530).- ACTA ANTERIOR. Apróbbase a acta da sesión ordinaria do 25 de maio e extraordinaria e urxente do 26 de maio de 2017. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(531).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DELEGADO DE ORZAMENTOS E FACENDA POLA QUE SE APROBA O PADRÓN FISCAL DA TAXA DE LIXO-VIVENDA DO ANO 2017. EXPTE. 53476/513.

Dáse conta da Resolución de data 19/05/17, do concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

DECRETO

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Resolución de Delegación de Alcaldía e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de xuño de 2015 así como o artigo 63.2 da Ordenanza Fiscal Xeral),

De conformidade co Informe Proposta do Xefe do Servizo de Admón de Tributos, conformado pola Dirección de Ingresos, de data 19 de maio de 2017

RESOLVO:

1. Aprobar o Padrón fiscal da taxa da recollida do lixo de vivendas do exercicio 2017, por un importe total de 11.496.293,55.- Euros, (ONCE MILLÓNS CATROCENTOS NOVENTA E SEIS MIL, DOUSCENTOS NOVENTA E TRES, CON CINCUENTA E CINCO CÉNTIMOS), que consta de 144.537 inscricións, segundo a relación nominal de suxeitos pasivos que comeza pola inscrición nº 128.839 que figura a nome de D^a MARIA CARMEN FERNANDEZ ABALDE polo obxecto tributario de CM A LATIÑA Nº 12, e remata coa inscrición nº 17.348 que figura a nome de D. JOSÉ MANUEL COLLAZO PIAY polo obxecto tributario de ZARAGOZA 62 6º F.

2. Dar conta a XUNTA DE GOBERNO LOCAL do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2 da Ordenanza Fiscal Xeral.

3. Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pagamento.

Acordo

A Xunta de Goberno queda informada.

3(532).- PROXECTO ANUAL DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS-2017. EXPTE. 139532/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 29/05/17, e o informe de fiscalización do 1/06/17, dáse conta do informe-proposta do 29/05/17, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, o xefe de Área e a concelleira delegada de Política Social, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. Con data 03.05.2017 a Concelleira delegada de Política Social, á vista do informe da Técnica media de servizos económicos de Benestar social do 02.05.2017, resolveu iniciar o expediente do «PROXECTO ANUAL DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS – 2017» para a súa presentación perante a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, a fin de obter as axudas destinadas ó cofinanciamento da prestación dos servizos sociais no Concello de Vigo reguladas no Decreto 99/2012, do 16 de marzo de 2012 (DOG nº 63, do 30.03.2012) e normativa complementaria.

I.2. O artigo 43 do precitado Decreto 99/2012, modificado polo posterior Decreto 148/2014, do 6 de novembro, regula a iniciación do procedemento, concretando no seu apartado 1.b) que o Proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais deberá ser aprobado polo órgano competente da Corporación Local, facendo constar expresamente a continuidade na prestación deses servizos.

I.3. No DOG nº 140, do 26.07.2016 publicouse a Orde do 13.07.2016 pola que se modifican os módulos económicos para a renovación anual do financiamento dos gastos de persoal dos servizos sociais comunitarios establecidos no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Esta norma, que entrou en vigor ó día seguinte da súa publicación, modificou o Art. 47.3 do Decreto 99/2012, determinando unha modificación da estrutura dos módulos de financiamento e unha actualización á alza das súas contías. O indicado Art. 47.3 quedou redactado da seguinte maneira:

«3. Para a renovación anual do financiamento dos gastos de persoal dos servizos sociais comunitarios, e tomando como referencia o persoal financiado e correctamente xustificado no exercicio inmediatamente anterior, aplicaranse os seguintes módulos económicos:

Categoría profesional	Módulo
A 1/Grupo I	20.229,00 €
A 2/Grupo II	16.815,00 €

Categoría profesional	Módulo
C 1/Grupo III	15.144,00 €
C 2/Grupo IV	13.472,00 €
Agrupacións profesionais/Grupo V	9.426,00 €

II. INFORME

II.1. Mediante Decreto 99/2012, do 16 de marzo, reguláronse os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, producíndose un cambio de procedemento: do anterior baseado na convocatoria anual de subvencións a outro de transferencias de ciclo anual para dar continuidade a uns servizos fundamentais prestados á cidadanía polas Corporacións Locais ("Plan concertado").

II.2. O Decreto 99/2012, modificado polo posterior Decreto 148/2014 do 6 de novembro, ademáis de desenvolver a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, recolle entre os seus obxectivos o de establecer os mecanismos que permitan a transferencia automática ós entes locais das cantidades que anualmente lles correspondan en concepto de cota fixa polo "Plan concertado" de servizos sociais.

II.3. As cantidades que perciban as entidades locais como titulares dos servizos sociais comunitarios e beneficiarias, polo tanto, das transferencias para o seu financiamento, diferen-

cianse entre transferencias correntes e transferencias de capital. Estas poderán ter como finalidade novos investimentos en centros de servizos sociais, o seu equipamento ou a adaptación e mellora da accesibilidade das instalacións. As transferencias correntes enfócanse ó financiamento dos gastos de persoal, indemnizacións por razón de servizo e formación, servizos de axuda no fogar e sostemento doutros programas de actuación comunitaria.

III. PROPOSTA DE ACORDO

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o «PROXECTO ANUAL DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS – 2017», elaborado polo Servizo de Benestar social do Concello de Vigo, de acordo coa documentación que obra no expediente administrativo nº 139532/301 (2017).

SEGUNDO: Facer constar expresamente, para os efectos do disposto no Art. 43 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo de 2012, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, a continuidade na prestación destes servizos no Concello de Vigo.

*TERCEIRO: Solicitar á Consellería de Política Social da Xunta de Galicia unha transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal que ascende a un importe total, segundo se reflicte no resumo xeral adxunto, de **8.806.178,93€** co seguinte detalle:*

-Persoal: 918.889,00 €

-Mantemento: 2.063,52 €

-Axuda no fogar:

**Modalidade de prestación básica: 759.762,50 €*

**Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 2.319.502,80 €*

-Xestión de programas: 4.805.961,11 €

*CUARTO: Adóptase ademais o compromiso de cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no Proxecto anual presentado para a solicitude da transferencia finalista correspondente ó exercicio 2017, na contía de **5.447.822,28 €**, que supón unha porcentaxe do 38,22% sobre o orzamento total do Proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.*

QUINTO: Facer constar que a sinatura de todos os documentos e comunicacións e a orde e visto e prace das certificacións que se remitan á Consellería de Política Social relacionadas co presente expediente, correspóndelle á Concelleira delegada de Política, D^a M^a Isaura Abelairas Rodríguez, segundo Decreto de delegacións de data 19 de xuño de 2015».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(533).- REVISIÓN DE PREZO E PRÓRROGA DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS DE BEADE, BEMBRIVE, CABRAL, LAVADORES, CANDEÁN, PEREIRÓ, TEIS E ZAMÁNS. EXPTE. 8700/255.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 1/06/17, dáse conta do informe-proposta do 31/05/17, asinado polo xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, a concelleira-delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

FEITOS

I.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do día 24 de maio de 2013, adxudicou a SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. (SAMYL, S.L.), o contrato do servizo de mantemento integral dos cemiterios municipais do Concello de Vigo (expte. 8700/255) por un prezo total de 789.826,79€ (IVE 21% incluído), sendo a cota corresponde ó IVE de 137.077,38 euros.

O contrato formalizouse en documento administrativo en data do 14/06/2013.

O prazo do contrato é de tres anos contados desde o día de inicio, 16/06/2013.

O prezo para os tres anos de contrato é de 789.826,79 € (IVE 21% incluído) o que representa un prezo anual con IVE de 263.275,60 euros.

A Xunta de Goberno Local en sesión do 12/12/2014, aprobou o prezo revisado do contrato para a anualidade comprendida entre o 16/06/14 a 15/06/15, en 265.750,39 euros (IVE engadido).

A Xunta de Goberno Local en sesión do 30/10/2015, aprobou o prezo revisado do contrato para a anualidade comprendida entre o 16/06/15 a 15/06/16, en 265.989,57 euros (IVE engadido).

A Xunta de Goberno Local en sesión do 15 de abril de 2016, aprobou a primeira prórroga anual, para o periodo comprendido entre o 16/06/2016 e o 15/06/2017.

II.- Sobre a 3ª revisión de prego do contrato:

II.1.- Segundo o prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexen o contrato:

a) O prazo de execución do contrato e de tres anos (dende o 16/06/2013)

c) Prevé a posibilidade de tres prórrogas dun ano cada unha.

d) O apartado 3.I) das follas de características do contrato do PCAP establece a revisión de prezos nos seguintes termos:

“Procederá a primeira revisión de prezos transcorrido un ano dende a data da formalización do contrato e recollerá o 85% da variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data da revisión e a data de adxudicación do contrato, sempre que esta se produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de ofertas ou respecto da data en que termine o dito prazo de tres meses se a adxudicación se produce con posterioridade”.

II.2.- Aplicado o anteriormente exposto ao contrato que nos ocupa resultaría a seguinte revisión do prezo:

A data de formalización do contrato foi o 14/06/2013, polo que a primeira revisión do prezo procedeu a partir do 14 (incluído) de xuño de 2014 e a segunda a partir do 14 (incluído) de xuño de 2015.

A data de finalización do prazo de presentación de ofertas foi do 30/11/2012, e data de adxudicación do contrato foi 24/05/2013 (máis de tres meses despois).

O IPC aplicado na segunda revisión do prezo do contrato foi de xuño de 2014 a xuño de 2015, polo que a terceira será de xuño de 2015 a xuño de 2016, e que segundo os datos do INE foi de -0,8 % (cálculo segundo páxina web do INE), sendo o 85% do dita variación de -0,68 %.

O prezo revisado a pagar para o período dun ano comprendido dende o 16 de xuño de 2016 ata o 15 de xuño de 2017 será:

- $-0,8\%(85\% \text{ de } 265.989,57\text{€/ano}) = -0,68\% \text{ de } 265.989,57\text{€/ano} = -1.808,73\text{€/ano}$ diminución.
- Total prezo anual revisado (16/06/2016 a 15/06/2017), IVE engadido: 264.180,84 euros.

Cálculo de devolución para o período comprendido entre o 16/06/2016 ata o 30/05/2017,
 $1.808,73\text{€/ano} : 12 \times 11,5 \text{ meses} = 1.733,37 \text{ euros.}$

III.- Sobre a prórroga do contrato.

III.1.- Segundo o prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe o contrato cómpre sinalar o seguinte:

O prazo de execución do contrato é de tres anos (dende a data 16/06/2013) segundo o apartado 4.A) das Follas de Características do Contrato (FEC).

Prevé a posibilidade de prórroga do contrato con tres prórrogas dun ano cada unha ó abeiro do establecido no apartado 4.C) das FEC.

A Xunta de Goberno Local en sesión do 15 de abril de 2016, aprobou a primeira prórroga anual, para o período comprendido entre o 16/06/2016 e o 15/06/2017.

D. Miguel Anxo Rodríguez López en nome e representación da entidade Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L. presenta escritos no Rexistro Electrónico do Concello de Vigo (doc. 160024471 de marzo de 2016, doc. 160122231 de setembro de 2016), no que solicita teña por manifestado a vontade da súa representada de non prorrogar o contrato.

A concelleira delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, ao abeiro do establecido no artigo 109.1., Disposición adicional segunda, apartado 3, do TRLCSP Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público (en adiante, TRLCSP), acordo de delegación de competencia da Xunta de Goberno Local de data 19/06/2015 en relación coa resolución da Alcaldía da mesma data (BOP 14/07/2015), a proposta do xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, resolveu en data 1 de setembro de 2016, "iniciar o procedemento administrativo para a contratación dos servizos de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais de Beade, Bembrive, Cabral, Candeán, Lavadores, Pereiró, Teis e Zamáns do Concello de Vigo, polo prazo de tres anos, e ordenar a redacción e incorporación ao expediente dos documentos que sinala o artigo 109 do

TRLCSP e demais que legalmente procedan de conformidade coa citada norma.”, segundo expediente número 10850/255.

O novo procedemento de contratación 10850/255 atópase en tramitación, con proposta de aprobación do expediente de contratación pola Xunta de Goberno Local e apertura do procedemento de licitación, polo que procedería a prórroga do contrato vixente en tanto en canto non se inicie o novo contrato.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

I.- Sobre a revisión do prezo do contrato:

I.1.- O contrato cuxa revisión de prezos nos ocupa foi adxudicado a Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L. (SAMYL, S.L) por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión do 24 de maio de 2013 (expte. 8700/255), formalizado en documento administrativo o 14/06/2013 e, por tanto, ao abeiro do réxime xurídico establecido pola redacción vixente naquela data do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (en adiante, TRLCSP).

I.2.- O TRLCSP vixente á sazón establecía:

- Artigo 87. 3. “Os prezos fixados no contrato poderán ser revisados ou actualizados, nos termos previstos no Capítulo II deste Título (artigo 89 e ss.), se se trata de contratos das Administracións públicas, ou na forma pactada no contrato, noutro caso, cando deban ser axustados, á alza ou á baixa, para ter en conta as variacións económicas que acaezan durante a execución do contrato”.

O artigo 89 e ss. do citado TRLCSP regulaban, con carácter xeral, a revisión de prezos nos contratos das Administracións públicas e determinaba nos apartados 1 e 3 deste artigo o seguinte:

1.- A revisión de prezos dos contratos das Administracións Públicas terá lugar, nos termos establecidos neste Capítulo e salvo que a improcedencia da revisión se prevera expresamente nos pregos ou pactado no contrato, cando este se executara, ó menos, no 20 por 100 do seu importe e transcorra un ano desde a súa formación. En consecuencia, o primeiro 20 por 100 executado e o primeiro ano transcorrido desde a formalización quedarán excluídos da revisión.

3.- O prego de cláusulas administrativas particulares ou o contrato deberán detallar, no seu caso, a fórmula ou sistema de revisión aplicable.

I.3.- O apartado 3.I) das follas de características do PCAP do contrato establece a revisión de prezos nos seguintes termos:

“Procederá a primeira revisión de prezos transcorrido un ano dende a data da formalización do contrato e recollerá o 85% da variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data da revisión e a data de adxudicación do contrato, sempre que esta se produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de ofertas ou respecto da data en que termine o dito prazo de tres meses se a adxudicación se produce con posterioridade”.

I.4.- A Disposición transitoria sobre o réxime de revisión dos valores monetarios da Lei estatal 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación da economía española, a cal da unha nova redacción ó artigo 89 do TRLCS sobre o réxime de revisión de prezos dos contratos, sinala no seu apartado 1 que:

“O réxime de revisión de prezos dos contratos incluídos dentro do ámbito de aplicación do TRLCSP, aprobado polo Rdl 3/2011, de 14 de novembro, cuxo expediente de contratación fora iniciado antes da entrada en vigor do real decreto ó que se refire o artigo 4 desta Lei será o que estea establecido nos pregos. (...)”

I.5- A recomendación de data 19/05/2015, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa sobre a aplicación do novo réxime xurídico de revisión de prezos creado como consecuencia da Disposición Adicional 88ª da Lei 22/2013, de 23 de decembro, de presupostos xerais do estado para o ano 2014 e a Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación da economía española, sinala no apartado I da parte dispositiva de dita recomendación o seguinte:

“I. Respecto ós contratos sometidos ó Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado mediante Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro:

a) No caso de que se trate de contratos que se iniciaran antes da entrada en vigor da Disposición Adicional 88ª da LPGE PARA 2014, entendendo a estes efectos que os expedientes de contratación foron iniciados se se houbera publicado a correspondente convocatoria do procedemento de adxudicación do contrato ou a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares, se o procedemento de adxudicación foran negociados sen publicidade, seralles de aplicable o artigo 89 do TRLCSP, na redacción data polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou, no seu caso, a normativa de contratación pública anterior que resulte de aplicación en función do momento en que fora iniciado o expediente, mentras que ós contratados da entidades públicas non Administración pública, seralles de aplicación a normativa contida dentro do artigo 87.3 deste mesmo texto legal.

(...)”

I.6.- Por tanto, desde o punto de vista xurídico, pode concluírse que procede a revisión do prezo do contrato que nos ocupa nos termos establecido no PCAP que rexe o contrato conforme ó artigo 89 do TRLCS segundo a redacción dada polo Rdl 3/2011, de 14 de novembro, que é a aplicada no presente caso.

II.- Sobre a segunda prórroga do contrato:

II.1.- SOBRE A POSIBILIDADE LEGAL DA PRÓRROGA DO CONTRATO.-

a) O artigo 23.2. do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante, TRLCSP) sinala que:

“O contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas e que a concorrência para a súa adxudicación fora realizada tendo en conta a duración máxima do contrato, incluídos os períodos de prórroga.

A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato expresamente prevea o contrario, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes.”

b) O artigo 303.1. do citado corpo legal (TRLCSP) establece determinadas especialidades respecto da duración e prórroga do contrato de servizos. Así, indica:

“1. Os contratos de servizos non poderán ter un prazo de vixencia superior a catro anos coas condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias das Administracións Públicas, se ben poderá preverse no mesmo contrato a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización daquel, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, no exceda de seis anos, e que as prórrogas non superen, illada ou conxuntamente, o prazo fixado orixinariamente. A celebración de contratos de servizos de duración superior á sinalada poderá ser autorizada excepcionalmente polo Consello de Ministros ou polo órgano autonómico competente de forma singular, para contratos determinados, ou de forma xenérica, para certas categorías”.

c) No caso concreto que nos ocupa, cúmprese co prevenido nos artigos anteriores para a prórroga do contrato: as características do contrato permanecen inalterables e no procedemento de licitación para a súa axudicación tívose en conta o prazo de duración e a posibilidade das tres prórrogas anuais. O prego de cláusulas administrativas do contrato sinala unha duración do contrato de tres anos (16/06/2013 ata o 15/06/2016) e prevé a posibilidade de tres prórrogas anuais.

A prórroga nos contratos de servizos debe ser aceptada por ámbalas dúas partes e acordada polo órgano de contratación antes de finalización do contrato.

2.- SOBRE A CONVENIENCIA DA PRÓRROGA DO CONTRATO .-

O novo procedemento de contratación deste servizo atópase en tramitación co número 10850/255, con proposta de aprobación do expediente de contratación pola Xunta de Goberno Local e apertura do procedemento de licitación. Trátase dun contrato subxeito a regulación harmonizada, con recurso especial en materia de contratación e por procedemento aberto e trámite ordinario polo que, atendendo ós prazos procedimentais, o tempo necesario para analizar as ofertas e a súa valoración e a adopción dos acordos precisos tanto da Mesa de Contratación coma da Xunta de Goberno local prevese no prego de cláusulas administrativas particulares como data de inicio do contrato o 1 de novembro de 2017.

Por tanto, tendo en consideración que o servizo municipal de cemiterios é unha competencia propia das previstas no artigo 25.2.k) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e que non pode deixar de prestarse, procedería a prórroga do actual contrato por o prazo dun ano ou polo inferior que resulte ata o día inmediatamente anterior á data de inicio do novo contrato cuxo procedemento se atopa en tramitación co número 10850/255. .

A prórroga do contrato nos termos antes indicados, esixe a conformidade do contratarse, a entidade, Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L..

Polo demáis, a entidade Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L. (SAMYL, S.L.) veu prestando o servizo dende o ano 2013 e ata o que levamos do ano 2017 de forma axeitada e conforme co PPT, PCAP, oferta presentada e contrato.

Polo que respecta ó prezo en vigor da prestación do servizo, non se estima que unha nova contratación poida ser máis beneficiosa para o Concello ao ser preciso, cando menos, manter o nivel de prestación existente na actualidade e toda vez que:

- O convenio de referencia para calcular os custes salariais da prestación do servizo (case que a totalidade do prezo do contrato) é o “Convenio colectivo estatal de xardinería 2015-2016”, publicado no BOE, martes, 2 de febreiro de 2016, que incrementa levemente o salario dos oficiais xardineiros, como dos xardineiros, tanto no que se refire a salario base coma a antigüidade e outros complementos, respecto do convenio que serviu de referencia para o cálculo dos custes salariais do contrato en vigor (Convenio colectivo estatal de xardinería 2011-2013).
- Tamén, segundo especialistas do sector pode concluírse que os custes da prestación do servizo contratado non diminuíron ó corresponder case a totalidade do prezo do contrato a gastos do persoal que presta o servizo.
- Así resulta tamén, do novo expediente de contratación en tramitación (expte. 10850/255).

O pagamento do prezo do contrato para o ano 2017, incluída a revisión do prezo, pode efectuarse con cargo á partida orzamentaria 1640.227.99.00 “mantemento xardíns cemiterios” e a súa bolsa de vinculación.

Polo exposto, procedería acordar a prórroga do contrato nos termos indicados.

IV.- En data 12/05/2017, o xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, coa conformidade da concelleira delegada de área, emitiu informe proposta nos termos que se recollen nesta, outorgándolle trámite de audiencia á entidade adxudicataria mediante notificación de data 12/05/2017.

D. Miguel Anxo Rodríguez López en nome e representación da entidade Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L. (SAMYL, S.L.), presentou en data 29/05/2017 (doc. 170076355) a través do Rexistro Electrónico do Concello de Vigo, escrito no que manifesta o consentimento expreso á prórroga do contrato para a prestación dos servizo de mantemento integral dos cemiterios municipais nos termos propostos.

Dito escrito incorporouse o expediente para a súa constancia.

III.- Competencia

É órgano competente para a resolución do contrato, a Xunta de Goberno Local como órgano de contratación do Concello de Vigo ao abeiro do establecido na Disposición adicional segunda, apartado 3, do Rdl 3/2011, de 14 de novembro.

Por todo o exposto, trala fiscalización de conformidade pola Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar a terceira revisión do prezo do contrato do servizo de mantemento integral dos cemiterios municipais do Concello de Vigo: Beade, Bembrive, Cabral, Lavadores, Candeán, Pereiro, Teis e Zamáns (expte. 8700/255), adxudicado á entidade Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L. (SAMIL, S.L.) por acordo da Xunta de Goberno Local de data 25/05/2013, formalizado en documento administrativo en data do 14/06/2013, con data de inicio o 16/06/2013, para a anualidade comprendida entre o 16/06/16 a 15/06/17 de 264.180,84 euros (IVE engadido), de conformidade co establecido na parte expositiva deste acordo. A partir de maio de 2017 (inclusive) o prezo mensual do contrato será de 22.015,07 euros (IVE 21% engadido).

SEGUNDO.- Regularizar a devolución de 1.733,37 euros (IVE 21% engadido) en concepto de atrasos pola revisión de prezo do contrato correspondente ó período comprendido entre o 16/06/2016 a 31/05/2017, que será compensada pola entidade adxudicataria na factura correspondonde ó mes de xuño de 2017.

TERCEIRO.- Aprobar a segunda prórroga anual, para o período comprendido entre o 16/06/2017 e o 15/06/2018, ou o inferior que resulte ata o día inmediatamente anterior á data de inicio do novo contrato cuxo procedemento se atopa en tramitación co número 10850/255, do vixente contrato de servizo de mantemento integral dos cemiterios municipais de Beade, Bembrive, Cabral, Candeán, Lavadores, Pereiró, Teis e Zamáns do Concello de Vigo (expte. 8700/255), adxudicado á empresa Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L. (SAMYL, S.L.), por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión do 24 de maio de 2013, formalizado en documento administrativo en data do 14/06/2013, por un importe anual de 264.180,84 euros (IVE 21% engadido). No suposto de que o inicio do novo contrato sexa o 01/11/2017 como prevé inicialmente o prego de cláusulas administrativas particulares, o importe da prórroga será de 99.067,82 euros (IVE engadido) para o período comprendido entre o 16/06/2017 ata o 31/10/2017. Todo isto sen prexuízo da revisión de prezo que procede no presente ano e que terá que aprobar, no seu caso, a Xunta de Goberno Local. O gasto efectuarase con cargo á partida orzamentaria 1640.227.99.00 "Mantemento Xardíns Cemiterios" e, no seu caso, a bolsa de vinculación sen que a utilización da bolsa de vinculación repercuta no normal funcionamento do servizo.

CUARTO.- Notificar este acordo á entidade adxudicataria informándolle que conforme ós artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e os artigos 8, 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdicción contencioso-administrativa, poderá interpoñer RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben directamente RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(534).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DUNHA SUBVENCIÓN DIRECTA A FAVOR DA AGRUPACIÓN DEPORTIVA VIGO EN RELACIÓN Á DINAMIZACIÓN DO PROGRAMA DEPORTIVO “VIGO EN XOGO” 2016/2017. EXPTE. 15931/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-xurídico do 12/05/17 e o informe de fiscalización do 31/05/17, dáse conta do informe-proposta de data 29/05/17, asinado polo director deportivo-xefe da Unidade técnica, o concelleiro-delegado de Deportes e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 16 de maio de 2017, devólvese o expediente 15931/333 dende o Servizo de Intervención indicando as seguintes observacións:

- Na proposta non se regula o prazo e o modo de pago.
- Na proposta se detallan referencias á derogada Lei 30/1992 e ó regulamento sancionador, ambos derogados pola actual Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Á vista das observacións realizadas, a Concellería de deportes procede informar:

- γλ Incorporouse o apartado que regula o prazo e o modo de pago.
- γλ Elimináronse as referencias á derogada Lei 30/1992 e ó regulamento sancionador, e substituíronse pola actual Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Polo que a proposta queda reformulada como segue:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio ó expediente de subvención a favor da Agrupación Deportiva Vigo ao obxecto de coadxuvar no financiamento dos gastos xerados pola organización do programa deportivo “Vigo en Xogo 2016/2017”.

A Agrupación Deportiva Vigo, é unha asociación privada con personalidade xurídica, capacidade de obrar e sen ánimo de lucro, que ten por obxecto exclusivo o fomento e a práctica de actividades físico-deportivas, non limitadas a un só ámbito, modalidade ou disciplina.

Entre as actuacións enmarcadas nos fins da Agrupación, atopamos o desenvolvemento de actividades físico-deportivas relacionadas co deporte para todos e do tempo libre, o fomento, promoción e divulgación do deporte en xeral, recoñecendo que é un medio ao servizo do pleno desenvolvemento da persoa.

Vinculada a estes obxectivos, atopamos que a entidade organiza na cidade de Vigo unha competición deportiva na que participan ao redor de 3.000 deportistas. Esta competición desenvólvese ó longo de 8 meses, tendo unha enorme tradición e repercusión mediática e social a nivel local, e constituíndo o evento destinado ó deporte afeccionado de maior relevancia e tradición na cidade de Vigo, e un dos eventos deste tipo máis destacados no ámbito da comunidade galega.

A Agrupación Deportiva Vigo é a única entidade da cidade que desenvolve un proxecto de deporte afeccionado da envergadura, repercusión mediática e social, e cun nivel de participación como é o Vigo en Xogo, atraendo a atención dun gran número de siareiros e supoñendo un espectáculo deportivo de enorme volume de participación, e cunha importante repercusión nos medios de comunicación.

A importancia desta competición radica ademais no impulso que supón para o deporte afeccionado, dando un entorno de competición coordinado e seguro para miles de deportistas afeccionados da cidade de Vigo.

Tendo en conta estas cuestións e atendendo ás actuacións vinculadas co desenvolvemento do proxecto deportivo, plantéase a presente proposta de resolución para a adxudicación dunha subvención por importe de 8.000,00 euros ao obxecto de coadjuvar no financiamento dos gastos xerados pola organización do proxecto deportivo "Vigo en Xogo 2016/2017".

Tendo en conta estes criterios, atendendo á importancia que para a cidade de Vigo ten o desenvolvemento de proxectos que poñan en valor o noso potencial deportivo como valor engadido ó desenvolvemento de propostas deportivas de interese xeral para a cidade de Vigo, como o proxecto "Vigo en Xogo", obxecto da presente proposta de subvención; Considerando ademais que a Concellería de Deportes ten entre os seus obxectivos potenciar a actividade deportiva desenvolvida polas entidades da cidade de Vigo, e atendendo á solicitude de subvención remitida pola Agrupación Deportiva Vigo, plantéase a presente proposta para a adxudicación dunha subvención por importe de 8.000,00€ ao obxecto de coadjuvar no financiamento dos gastos xerados pola organización do dito proxecto deportivo "Vigo en Xogo 2016/2017".

As actuacións vinculadas con esta subvención catalóganse como de interese público e social. Asemade a Agrupación Deportiva Vigo é a única entidade que dinamiza un proxecto destas características tan particulares. Estas circunstancias xustifican que para o desenvolvemento deste expediente, non resulte posible nin recomendable promover a concorrencia, pola especificidade e exclusividade no obxecto das actuacións a subvencionar, o cal xustifica a súa concesión directa. Na devandita actividade subvencionada, e na subvención mesma, concorren singulares circunstancias de interese público e social, razóns excepcionais que xustifican a concesión directa da subvención á Agrupación Deportiva Vigo, co obxectivo de colaborar no financiamento dos gastos vinculados coa dinamización do proxecto.

Asemade, no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar co ámbito de desenvolvemento da actividade físico-deportiva na cidade.
- Colaborar cos axentes deportivos no desenvolvemento de proxectos de interese deportivo na cidade de Vigo.
- Promocionar o deporte de competición na cidade de Vigo.
- Colaborar con proxectos que poñan en valor o deporte-saúde na cidade de Vigo.
- Optimizar os recursos que se destinan ó desenvolvemento da actividade físico-deportiva no ámbito da cidade de Vigo.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de

medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei, para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, plantéase a presente proposta co fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar na financiación dos gastos xerados pola organización do “Vigo en Xogo 2016/2017”.

A Agrupación Deportiva Vigo non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 15931/333.

En base ás precedentes consideracións e ao interese deportivo e social que para a cidade de Vigo representa o devandito proxecto da Agrupación Deportiva Vigo, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención.

A lexislación aplicable, para esta adxudicación de subvención, é a que sinala o artigo 5 da LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de

subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención catalógase como de interese público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas teñen interese público e social, dada a súa natureza de promoción dunha actividade físico-deportiva en concreto. Asemade a Agrupación Deportiva Vigo é a única entidade da cidade que dinamiza un proxecto como o do obxecto da subvención proposta na cidade de Vigo, polo que a subvención se establece mediante unha adxudicación directa, non existindo concorrencia ó tratarse dunha única entidade que dinamiza a dita actividade.

O obxecto da presente proposta de subvención é coadxuvar no financiamento dos gastos xerados pola organización do proxecto “Vigo en Xogo 2016/2017”, debido o interese que para a cidade de Vigo teñen proxectos deportivos como o de referencia.

Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.

A Agrupación Deportiva Vigo presentou unha memoria xustificativa, onde figuran relacionadas as actividades vinculadas co desenvolvemento do proxecto Vigo en Xogo.

A concesión da subvención implica a aceptación por parte da Agrupación Deportiva Vigo das obrigas sinaladas no dito artigo 11 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O Concello de Vigo a través dos seus servizos municipais, comprobará o correcto desenvolvemento do proxecto para o que se propón a adxudicación da subvención e o cumprimento da finalidade que a determina.

O Técnico responsable do servizo de Deportes do Concello de Vigo, encargado do seguimento do presente expediente, emitirá un informe no que constatará a adecuada xustificación da subvención, e o cumprimento da finalidade que a determina.

A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha conta xustificativa conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que

o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.
- Que no caso de que os gastos presentados constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que esta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.
- A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.
- Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe subvencionado:
 - Facturas orixinais polo importe da subvención adxudicada, que recollan o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.
 - Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante impútase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.
 - En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.

Por todo o exposto, previo informe da Intervención do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar o texto da resolución proposta a favor da Agrupación Deportiva Vigo, co CIF: G-36651123, para a concesión dunha subvención co obxecto de coadruar no financiamento dos gastos vinculados co desenvolvemento do proxecto deportivo “Vigo en Xogo 2016/2017”, de acordo cos condicionantes establecidos na propia resolución:

a) O obxecto da presente proposta de subvención é coadruar no financiamento dos gastos vinculados co desenvolvemento do proxecto deportivo “Vigo en Xogo 2016/2017”.

b) A lexislación aplicable, para esta adxudicación de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naqueas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

c) Esta subvención catalógase como de interese público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas teñen interese público e social, dada a súa natureza de promoción dunha actividade físico-deportiva en concreto. Asemade a Agrupación Deportiva Vigo é a única entidade da cidade que dinamiza un proxecto como ó do obxecto da subvención proposta na cidade de Vigo, polo que a subvención se establece mediante unha adxudicación directa, non existindo concorrencia ó tratarse dunha única entidade que dinamiza a dita actividade.

d) Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.

e) Que a Agrupación Deportiva Vigo non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 15931/333.

f) Para proceder ó pago da subvención, que se realizará mediante transferencia bancaria, a beneficiaria terá a obriga de presentar a documentación para a xustificación da subvención, no prazo comprendido entre a aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local e como máximo ata tres meses da finalización do evento subvencionado.

A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha conta xustificativa conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.
- Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que esta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.
- A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance

que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

- Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe subvencionado:
- Facturas orixinais polo importe da subvención adxudicada, que recollan o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.
- Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante impútase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.
- En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.

g) As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 33 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

h) Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo Común das administracións públicas.

i) A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto da presente resolución, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo Común das administracións públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes.

j) En canto a subcontratación das actividades subvencionadas, a presente resolución autoriza as mesmas conforme ao establecido no artigo 27 da LSG.

SEGUNDA: Autorizar e dispoñer o gasto polo importe de 8.000,00 € a favor da Agrupación Deportiva Vigo, co CIF: G-36651123, con enderezo social na Avda. Balaidos, 24, Bajo, en Vigo, con cargo á partida 3410.489.00.01, en concepto de subvención para coadxuvar no financiamento dos gastos xerados pola organización do proxecto deportivo Vigo en Xogo 2016/2017 .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(535).- PROXECTO DE CONVENIO COA AGRUPACIÓN DEPORTIVA XOGARA CO OBXECTO DE COLABORAR CO FINANCIAMENTO DOS GASTOS OCASIONADOS POLO DESENVOLVEMENTO DO SEU PROXECTO DE DINAMIZACIÓN DUN PROGRAMA DE ACTIVIDADE FÍSICA PARA MAIORES A TRAVÉS DO CACHIBOL NA CIDADE DE VIGO- ANO 2017. EXPTE. 16003/333.

Visto o informe xurídico do 23/05/17 e o informe de fiscalización do 31/05/17, dáse conta do informe-proposta de data 11/05/17, asinado polo director deportivo-xefe da Unidade técnica, o concelleiro-delegado de Deportes e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrucción remitida polo Concelleiro de Deportes, dase inicio ó expediente de subvención a favor da entidade Agrupación Deportiva Xogara polo desenvolvemento do seu proxecto de dinamización dun programa de actividade física para persoas maiores a través do cachibol na cidade de vigo no ano 2017.

A Agrupación Deportiva Xogara, dinamiza un programa de actividade físico-deportiva encamiñado a atender as demandas do colectivo de persoas maiores de Vigo co obxectivo básico de colaborar no proceso dun envellecemento activo, que resitúe a este sector da cidadanía no establecemento de novas metas vitais.

Este programa pretende crear un entorno de participación activa que favoreza un mantemento e mellora das condicións de vida do colectivo de persoas maiores a través dunha actividade físico-deportiva moi concreta, o cachibol.

“A Organización Mundial da Saúde” define o envellecemento activo como o proceso no cal se optimizan as oportunidades de saúde, participación e seguridade a fin de mellorar a calidade de vida das persoas a medida que envellecen. O envellecemento activo permite que as persoas realicen o seu potencial de benestar físico, social e céntrase nas persoas maiores e na importancia de dar unha imaxe pública positiva deste colectivo.

O envellecemento activo a través da actividade físico-deportiva pretende mellorar a calidade de vida das persoas a medida que envellecen, favorecendo as súas oportunidades de desenvolvemento para unha vida saudable, participativa e segura. O envellecemento activo implica entender esta etapa da vida como un ciclo máis de crecemento persoal, engadindo “vida aos anos e non soamente anos á vida”.

Para o desenvolvemento destes principios, a Agrupación Deportiva Xogara dinamiza o Programa de Cachibol para persoas maiores da cidade de Vigo”, que aporta a este colectivo numerosos beneficios:

Beneficios máis importantes:

- *De carácter preventivo.* A súa práctica favorece a diminución das patoloxías comúns a este grupo de poboación, favorecendo a diminución da obesidade, reducindo atrofas así como a velocidade de descalcificación, mellorando a contracción cardíaca, a mobilidade articular, reforzando a actividade intelectual e é un bo medio para potenciar a integración social e a ocupación racional do tempo libre.
- *A saúde non só é ausencia de enfermidade* senón algo máis activo e que depende cada vez máis dos individuos (os seus coñecementos e hábitos de vida) que dos sistemas médico- sanitarios.
- *Influencia positiva no comportamento das persoas*, contribuíndo a mellorar os niveis de vida ante situacións de tensións, ansiedade, alteracións emocionais, frustracións etc.
- *Mellora das condicións psíquicas e sociais, motivación, autoconfianza, actitudes ante as aprendizaxes...*

Obxectivos do programa

Obxectivos xerais

- Estimular o interese e a motivación de face á práctica motriz como un hábito de vida saudable, favorecedora de relacións interpersoais, así como do gozar do tempo libre.
- Coñecer e valorar os efectos que ten a práctica habitual e sistemática de actividade física no desenvolvemento persoal, e que favorezan a súa independencia e autonomía, evitando o seu illamento e inactividade.

Obxectivo específicos

└┬ Físico Motrices

- └┬ Desenvolvemento e mantemento das capacidades
- └┬ Condicionais: Resistencia de base, forza, mobilidade, articular e elasticidade muscular.
- └┬ Coordinativas: Ritmo, fluidez, precisión e amplitude de determinados movementos.
- └┬ Desenvolvemento e mantemento das principais capacidades perceptivo-motrices
- └┬ Percepción exteroceptiva (visual, auditiva e táctil).
- └┬ Cinestesia: Equilibracións, lateralidade, orientación espacial, orientación espazo-temporal.
- └┬ Prevención das doenzas dexenerativas e de hábitos de conduta para aumentar o nivel e a calidade de vida: Minorar as dores crónicas osteoarticulares, incrementar a capacidade ventilatoria sen provocar tensión cardiovascular entre outras.

└┬ Recreativos

- └┬ Facer de cada unha das sesións unha actividade lúdica e de divertimento.

– Procurar que as persoas participantes esquezan as tensións cotiás, nun marco non habitual e con actividades distintas ás normais.

– Socio- Afectivos

- Potenciar a convivencia e a relación social positiva.
- Coñecer, valorar e mellorar a dispoñibilidade corporal en función da autoestima e aceptación do proceso de envellecemento.
- Aumentar a concentración e a memoria.
- Saber relacionarse a través dos xogos e os deportes, de forma lúdica e como práctica social, non como un concepto de rivalidade, nin en termos de éxito ou fracaso.
- Adaptarse ás novas estruturas da sociedade actual.

O cachibol, é unha actividade física cunha estrutura similar á do voleibol, pero coas adaptacións suficientes e necesarias que permiten a persoas maiores participar coas características propias deste colectivo.

A Agrupación Deportiva Xogara desenvolve o seu proxecto de actividade físico-deportiva ó longo do ano 2017 en distintas zonas da cidade de Vigo (San Andrés de Comesaña, Coruxo, Travesía de Vigo, Lavadores, Valadares, Teis e Calvario). Estes sete grupos de actividade desenvolven a actividade nunha sesión semanal en espazos vinculados a asociacións, centros educativos e instalacións deportivas municipais. Esta actividade semanal se complementa co desenvolvemento de partidos os sábados pola mañá, co obxectivo básico de incrementar a participación interactiva entre as persoas dos diferentes grupos, fomentar a socialización e motivar ás persoas participantes.

A Agrupación Deportiva Xogara é a única entidade da cidade que dinamiza un programa de cachibol na cidade de Vigo, polo que o Concello de Vigo atopa criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción da actividade física entre as persoas maiores na cidade de Vigo. Polo cal proponse a adxudicación dunha subvención a favor da Agrupación Deportiva Xogara ao obxecto de colaborar na financiación dos gastos xerados pola dinamización de dito programa.

As actuacións desta adxudicación de subvención catalóganse como de interese público e social. Asemade a Agrupación Deportiva Xogara é a única entidade que dinamiza un proxecto destas características particulares. Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa. Na devandita actividade subvencionada, e na subvención mesma, concurren singulares circunstancias de interese público e social, razóns excepcionais que xustifican a concesión directa da subvención á entidade Agrupación Deportiva Xogara co obxectivo de colaborar na financiación dos gastos ocasionados pola dinamización do proxecto.

Asemade, no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar co ámbito de desenvolvemento da actividade físico-deportiva na cidade.
- Colaborar cos axentes deportivos no desenvolvemento de proxectos de interese deportivo na cidade de Vigo.

- Promocionar o deporte de competición na cidade de Vigo.
- Colaborar con proxectos que poñan en valor modalidades de arraigo na cidade de Vigo.
- Optimizar os recursos que se destinan ó desenvolvemento da actividade físico-deportiva no ámbito da cidade de Vigo.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei, para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, plantéase a presente proposta co fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar no financiamento dos gastos xerados polo desenvolvemento do seu proxecto deportivo.

A Agrupación Deportiva Xogara non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 16003/333.

En base ás precedentes consideracións e ao interese deportivo e social que para a cidade de Vigo representa o devandito proxecto da Agrupación Deportiva Xogara, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención.

A lexislación aplicable, para esta adxudicación de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública

e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención catalógase como de interese público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas teñen interese público e social, dada a súa natureza de promoción dunha actividade físico-deportiva en concreto. Asemade a Agrupación Deportiva Xogara é a única entidade da cidade que dinamiza un proxecto de cachibol para persoas maiores na cidade de Vigo, polo que a subvención se establece mediante unha adxudicación directa, non existindo concorrencia ó tratarse dunha única entidade que dinamiza a dita actividade. A subvención que regula o convenio proposto non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que a Agrupación Deportiva Xogara é a única entidade da cidade na actividade de referencia.

O obxecto da presente proposta de subvención é colaborar fundamentalmente na financiación dos gastos vinculados á propia actividade desta agrupación e en particular o desenvolvemento do programa de Cachibol para persoas maiores no ano 2017.

Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.

A Agrupación Deportiva Xogara presentou unha memoria xustificativa, onde figuran relacionadas as actividades realizadas e o destino da subvención.

A concesión da subvención implica a aceptación por parte da Agrupación Deportiva Xogara das obrigas sinaladas no dito artigo 11 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O Concello de Vigo a través dos seus servizos municipais, comprobará o correcto desenvolvemento do proxecto para o que se propón a adxudicación da subvención e o cumprimento da finalidade que a determina.

O Técnico responsable do servizo de Deportes do Concello de Vigo, encargado do seguimento do presente expediente, emitirá un informe no que constatará a adecuada xustificación da subvención, e o cumprimento da finalidade que a determina.

A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha conta xustificativa conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaron tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.
- Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que esta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributaras e coa Seguridade Social.
- Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaron o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.
- A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.
- Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe subvencionado:
 - Facturas orixinais polo importe da subvención adxudicada, que recollan o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.
 - Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o

estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante impútase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.

- En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.

Por todo o exposto, previo informe da Intervención do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar o texto do convenio que rexerá entre o Concello de Vigo a través da Concellería de Deportes e a Agrupación Deportiva Xogara, co CIF: G-36655033, para a concesión dunha subvención co obxecto de coadxuvar na dinamización dun programa de Actividade físico-deportiva para persoas maiores a través do Cachibol na cidade de Vigo no ano 2017.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto polo importe de 5.000,00 € a favor da Agrupación Deportiva Xogara, co CIF: G-36655033, con enderezo social na Rúa Padre Celso, 6, en Vigo, con cargo á partida 3410.489.00.01, en concepto de subvención en base ó convenio para o desenvolvemento e dinamización dun programa de Actividade físico-deportiva orientada a persoas maiores a través do Cachibol na cidade de Vigo no ano 2017.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DEPORTIVA XOGARA CO OBXECTO DE COLABORAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS OCASIONADOS POLO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE DINAMIZACIÓN DUN PROGRAMA DE ACTIVIDADE FÍSICA PARA PERSOAS MAIORES A TRAVÉS DO CACHIBOL NA CIDADE DE VIGO NO ANO 2017. (Expte. 16003/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a _____ de dous mil dezasete.

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Fernández Pérez, na súa calidade de Concelleiro Delegado de Deportes do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H) por Delegación da Alcaldía de data 19 de xuño de 2015.

Doutra, dona María Soledad Ovalle Orallo con DNI: 36054751C, como presidenta da entidade Agrupación Deportiva Xogara, co CIF: G-36655033, con enderezo social na Rúa Padre Celso,

6, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación que figura na documentación do presente expediente núm. 16003/333.

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense reciprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

MANIFESTAN

I.- Que a Agrupación Deportiva Xogara foi constituída en Vigo o 15 de decembro de 1987, sendo unha asociación privada con personalidade xurídica, sen ánimo de lucro e con capacidade de obrar autónomamente.

Esta Entidade, ao amparo do establecido no artigo 2 dos seus estatutos, ten por obxecto e finalidade, entre outros, facilitar a persoas de todas as idades os medios para a realización de actividades deportivas, ofertar a posibilidade de organizar todo tipo de eventos deportivos con carácter participativo, e non só competitivo, introducindo en España o deporte do Cachibol para persoas maiores de 50 anos, ofertar escolas deportivas, colaborar con organismos oficiais na organización de eventos deportivos de carácter formativo e recreativo...

Neste sentido, a Agrupación Deportiva Xogara desenvolve na cidade de Vigo un programa de dinamización da Actividad Física para persoas maiores a través da práctica do cachibol, orientada fundamentalmente a maiores de 50 anos.

II.- O programa que presenta a Agrupación Deportiva Xogara dentro do obxecto deste expediente de subvención, pretende crear un entorno de participación activa que favoreza un mantemento e mellora das condicións de vida do colectivo de persoas maiores a través dunha actividade físico-deportiva moi concreta, o cachibol, e colaborar no proceso dun envellecemento activo, que resitúe a este sector da cidadanía no establecemento de novas metas vitais.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués.
- Contribuir a que calquera os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte-saúde.
- Conseguir que o colectivo de persoas maiores da cidade de Vigo, contén cun proxecto deportivo no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun mapa de actividade deportiva orientada á saúde no entorno asociativo da cidade.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, os intervinetes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do programa de actividade física para persoas maiores a través do desenvolvemento dun proxecto de cachibol.

V.- Que a Agrupación Deportiva Xogara non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no presente expediente.

VI.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Agrupación Deportiva Xogara, o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Agrupación Deportiva Xogara comprométese a colaborar coa Concillería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolvidos dende este e que poidan ter vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio.

2º.- Desenvolver a actuación principal da entidade nun proxecto xeral de Actividade Física para a terceira idade a través do Cachibol en Vigo ó longo do ano 2017.

3º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concillería de deportes.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Agrupación Deportiva Xogara, na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe (Concello de Vigo) nos ámbitos de promoción da entidade Agrupación Deportiva Xogara (revista, web, etc).

3º.- Conceder á Agrupación Deportiva Xogara unha subvención polo importe de 5.000,00€, en concepto de subvención directa en base ó convenio para o desenvolvemento do proxecto "Programa de A.F. Para maiores a través do Cachibol" a través da dinamización, dirección, coordinación e xestión do dito programa en Vigo ó longo do ano 2017. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.01 do vixente orzamento. Para o procedemento de xustificación e pago do importe da subvención, atenderase ó establecido no pacto sétimo do presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio.

Sétimo.- A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos no prazo comprendido entre a sinatura do convenio e como máximo o día 15 de decembro de 2017. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo foi de euros.

A entidade deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Concello de Vigo, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2017.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de decembro como prazo máximo para proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- O beneficiario está informado de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e

comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; e o recollido na base 38 das de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de 2017.

7(536).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS LISTAS DEFINITIVAS DE ADXUDICACIÓN, AGARDA E DENEGACIÓN DA CONVOCATORIA PARA ALUMNADO DE 3º ESO DE PRAZAS PARA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA “VIGO EN INGLÉS 2017”. EXPTE. 18427/332.

Visto o informe de fiscalización do 2/06/17, dáse conta do informe-proposta do 25/05/17, asinado polo técnico medio de actividades culturais e educativas, a xefa do Servizo de Educación e a concelleira-delegada de dito Servizo, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 10 de febreiro de 2017, adoptou o seguinte acordo: Aprobar as “Bases e convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación no programa municipal de inmersión en lingua inglesa (VIGO EN INGLÉS 2017) do alumnado de 3º de ESO de centros educativos de Vigo sostidos con fondos públicos”.

Incorpóranse ao presente expediente as actas da Comisión de Valoración de datas 10 e 25 de maio, que promove este Servizo de Educación, correspondentes por unha banda: á proposta de resolución provisional do proceso de baremación das listaxes de seleccionados/as, suplentes e excluídos das prazas para participar na convocatoria municipal de alumnado de 3º de ESO “Vigo en Inglés 2017”; e por outra banda, á proposta de resolución provisional das listaxes definitivas de alumnado de 3º de ESO seleccionado, suplente e excluído das prazas para a participación no programa educativo municipal de inmersión en lingua inglesa “Vigo en Inglés 2017”.

Todo elo, consonte co recollido na base novena da citada convocatoria “concesión e resolución das prazas”, que indica que unha vez avaliadas as solicitudes de conformidade

cos criterios que se determinan na convocatoria, o servizo municipal de educación, elevará unha proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, que incluírá unha relación na que se indicarán todos os solicitantes que participan na convocatoria con nome e apelidos, puntuación obtida, número de expte, centro educativo de procedencia e resolución das prazas, indicando o estado de adxudicada, lista de agarda ou denegada con indicación do motivo ou motivos polos que se denega, e finalmente contía asignada correspondente de achega familiar naqueles casos que proceda.

Coa finalidade de poder comprobar e verificar os criterios de baremación aplicados e a valoración outorgada, achégase adxunto ao presente expediente 19 arquivadores que ordeados por nº de expte. conteñen todas as fichas valorativas individuais e a documentación acreditativa e xustificativa de cada un dos solicitantes.

Igualmente, incorpórase ao expediente as relacións, en formato excel, dos 363 adxudicatarios/as de 3º de ESO para o alumnado da rede pública do programa municipal de inmersión en Lingua Inglesa “Vigo en Inglés 2017” , e igual relación dos 304 adxudicatarios/as para alumnado de 3º de ESO da rede privada-concertada. Estas relacións fixan os parámetros de baremación determinados nas bases da convocatoria aprobadas pola Xunta de Goberno Local en data 10 de febreiro de 2017 e determinan asimesmo a puntuación final obtida que condiciona a inclusión dos solicitantes nas listas de adxudicación, agarda e denegación.

Cos criterios de valoración anteriormente mencionados, e facendo constar a veracidade da información que obra nos expedientes dos solicitantes, despréndese que os adxudicatarios/as propostos cumpren todos os requisitos esixidos para acceder ás prazas; polo que elabórase proposta de adxudicación e resolución das prazas, e sométese á aprobación da Xunta de Goberno Local, o seguinte ACORDO:

1º.- Adxudicar as 667 prazas para alumnado de 3º ESO (363 prazas da rede pública e 304 da rede privada-concertada) do programa educativo municipal de inmersión en lingua inglesa “VIGO EN INGLÉS 2017”, ao seguinte alumnado:

- Proposta de adxudicación de 363 prazas para alumnado de 3º ESO da rede pública do Programa Vigo en Inglés 2017:

Nº	EXP.	APELIDOS	NOME	DNI	CENTRO ESCOLAR	PTOS	ACHEGA
1	E617	Alonso Mateos	Lorenzo	****8533	IES Rosais 2	5	240
2	E368	Alvarez Lopez	Antia	****4624	IES ROU	5	600
3	E370	Alvarez Lopez	Alexandre	3949****	IES ROU	5	600
4	E166	Alvarez Martinez	Ana Maria	3946****	IES Rosais 2	5	600
5	E714	Azaustre Lago	Fernando	****5907	IES ROU	5	600
6	E555	Failde Dominguez	Hana	****9946	IES do Castro	5	600
7	E530	Fernandez Rascado	Lois	****0140	IES Alexandre Boveda	5	EXENTO
8	E709	Fontela Cabaleiro	Lucia	3949****	IES ROU	5	600
9	E575	Gonzalez Davila	Violeta	7934****	IES Beade	5	240
10	E348	Novas Gonzalez	Manuel	5319****	IES do Castro	5	600
11	E138	Tejada Aracena	Smerlyn Soribel	****0455	IES de Teis	5	EXENTO
12	E374	Vergara Noya	Ines	3949****	IES Alvaro Cunqueiro	5	240
13	E223	Villar Mogio	Sabela	****1887	IES do Castro	5	600
14	E055	Abalde Martinez	Claudia Luisa	****3638	IES Rosais 2	4	600

Nº	EXP.	APELIDOS	NOME	DNI	CENTRO ESCOLAR	PTOS	ACHEGA
15	E522	Agra Pedrosa	Nicolas	5443****	IES do Castro	4	360
16	E333	Aguerreberry Rodriguez	Daniela Micaela	5446****	IES de Teis	4	EXENTO
17	E594	Akhtar	Fareed	****1601	IES ROU	4	EXENTO
18	E277	Alonso Abalde	Henar	****0415	IES Beade	4	360
19	E194	Alonso Fernandez	Roberto	****3482	IES Politecnico Vigo	4	240
20	E452	Alonso Filgueira	Carlota	5397****	IES Beade	4	240
21	E235	Alonso Gonzalez	Carla	3949****	IES Coruxo	4	EXENTO
22	E239	Alonso Vazquez	Laura	3949****	IES Carlos Casares	4	EXENTO
23	E073	Alvarez Lorenzo	Paula	****7585	IES de Teis	4	360
24	E573	Alvarez Martin	Adrian	****3357	IES San Tome Freixei	4	EXENTO
25	E354	Alvarez Riveiro	Elda	****8309	IES Carlos Casares	4	EXENTO
26	E605	Amboage Armada	Maria	5381****	IES Coruxo	4	240
27	E715	Amoedo Rodriguez	Lucas	****5755	IES ROU	4	240
28	E706	Ares Seijas	Luis Miguel	5446****	IES San Tome Freixei	4	600
29	E301	Ballesteros Cabezas	Area Maria	****4989	IES Valadares	4	EXENTO
30	E683	Beasley Carbon	Thomas Gordon	****9875	IES ROU	4	600
31	E075	Campos Avendaño	Nerea	5447****	IES Alexandre Boveda	4	360
32	E486	Campos Fernandez	Cora	5438****	IES ROU	4	240
33	E609	Carcedo Bobadilla	Javier	****3983	IES Santa Irene	4	600
34	E256	Carr Vieites	Nicolas Joel	****9112	IES Santa Irene	4	240
35	E190	Carrete Pardal	Uxia	5382****	IES Alexandre Boveda	4	360
36	E580	Casarejos Palazon	Anton Nicolas	****4349	IES do Castro	4	240
37	E673	Cerviño Fungueiriño	Dario	3949****	IES Rosais 2	4	EXENTO
38	E357	Collazo Collarte	Anton	3949****	IES ROU	4	360
39	E189	Comesaña Soliño	Iago	3948****	IES Alexandre Boveda	4	240
40	E006	Corton Fernandez	Roi	****7143	IES Alexandre Boveda	4	360
41	E030	Costa Portas	Alicia	****9194	IES Rosais 2	4	360
42	E090	Costas Pino	Xavier	****9427	IES Valadares	4	EXENTO
43	E291	Covelo Vazquez	Roy	5382****	IES Politecnico Vigo	4	600
44	E361	Dominguez Martinez	Laura	3946****	IES Politecnico Vigo	4	360
45	E608	Estevez Dominguez	Bruno	****0424	IES Rosais 2	4	EXENTO
46	E122	Fernandez Trigo	Raquel	5382****	IES Alexandre Boveda	4	240
47	E017	Fernandez Upanga	Kenya	4473****	IES Santa Irene	4	EXENTO
48	E020	Garcia Lopez	Martin	****1067	IES San Tome Freixei	4	600
49	E758	Garcia Quiñones	Beatriz	5397****	IES Alexandre Boveda	4	600
50	E178	Goberna Rial	Mario	5319****	IES Coruxo	4	EXENTO
51	E200	Gomez Costas	Irene	3949****	IES Rosais 2	4	240
52	E137	Gonzalez Abalde	Raul	****6660	IES Beade	4	240
53	E506	Gonzalez Alvarez	Tais	****7968	IES Castelao	4	600
54	E574	Gonzalez Davila	Raquel	****5820	IES Beade	4	240
55	E494	Gonzalez Moreno	Breogan	3951****	IES de Teis	4	240
56	E101	Gonzalez-Portela Car-tea	Marta	5422****	IES do Castro	4	600
57	E107	Heras Perez	Mariña	****2405	IES Castelao	4	240
58	E702	Infestas Carazo	Nicolas	****0187	IES Rosais 2	4	600
59	E027	Iñarrea Aparicio	Silvia	5381****	IES Coruxo	4	240
60	E430	Lago Nieto	Antia	7754****	IES Carlos Casares	4	240
61	E168	Lameiro Garcia	David	****9863	IES A Guia	4	360

Nº	EXP.	APELIDOS	NOME	DNI	CENTRO ESCOLAR	PTOS	ACHEGA
62	E568	Leston Abalde	Sara	****8163	IES Rosais 2	4	600
63	E523	Lisboa Fernandez	Ana Larissa	****9202	IES do Castro	4	EXENTO
64	E109	Llaser Jonas	Malena Magali	3949****	IES Rosais 2	4	EXENTO
65	E550	Martinez Hölker	Helena Josefina	3949****	IES ROU	4	240
66	E593	Mete Vazquez	Silvia	3946****	IES ROU	4	600
67	E289	Miguez Lorenzo	Aurora	****6480	IES Santa Irene	4	600
68	E083	Millor Costas	Sara	****5940	IES Valadares	4	600
69	E342	Montero Ferreiro	Aixa	****9266	IES Carlos Casares	4	600
70	E231	Muiña Freire	Pablo	3948****	IES Coruxo	4	600
71	E211	Noya Vazquez	Sandra	3561****	IES Alvaro Cunqueiro	4	600
72	E582	Perez Barbosa	Anxo	3949****	IES ROU	4	EXENTO
73	E432	Perez Puente	Helena	****6965	IES Carlos Casares	4	EXENTO
74	E319	Perez Santorio	Xoana	****7428	IES Rosais 2	4	600
75	E418	Perez Sotelo	Alba	****1604	IES Alvaro Cunqueiro	4	240
76	E520	Portas Vasco	Ana	3949****	IES de Teis	4	600
77	E587	Rey Gomez	Lucia	3949****	IES Alvaro Cunqueiro	4	600
78	E135	Riveiro Mouriño	Malena	3949****	IES Politecnico Vigo	4	600
5. Se rexeitan as seguintes prazas, que estaban condicionadas por falta de documentación e que non a completaron ou que non cumpren os requisitos establecidos nas Normas para a adxudicación de prazas nas escolas infantís municipais 0-3 (EIM) para o curso 2017/2018:

Greysi Trujillo Jimenez, George Marius Lazar, Alba Salgueiro Rivas, Ainhoa Malu Arizola Flores, Maira Vaz dos Santos, Anton Facal Suárez, Sabela Pena Artos.

6. Aprobar definitivamente as listas de adxudicación de prazas e lista de agarda nas Escolas Infantís Municipais de Santa Cristina-Lavadores, Atalaia-Teis, Santa Marta-Casco Vello, Costeira-Saiáns, Tomás Alonso, Bouzas, Mestres Goldar-Castrellos e Navia para o curso 2017-2018 que se inclúen no expediente.

7. Ordenar a publicación das listas citadas no taboleiros de anuncios das Escolas Infantís Municipais e na páxina web escolasvigo.org/reim

8. Indicar aos interesados/as que a resolución que se lle notifica pon fin á vía administrativa ao abeiro do disposto no artigo 109.c) da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común 30/1992, de 26 de novembro. Contra este acto administrativo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o dictou no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da presente notificación, de acordo co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992.

Asemade, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo segundo o previsto nos artigos 1, 8, 25.1, 46.1 da lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-Administrativa, 116 e concordantes da Lei 30/1992, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da presente notificación; sen presuízo da interposición polo/a interesado/a de calquera outro recurso que estime procedente conforme a Dereito.

Desta Resolución darase conta á próxima Xunta de Goberno Local.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

9(538).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE MARIÑEIRO S ARTESANAIS E DEPORTIVOS DE BOUZAS PARA A DIFUSIÓN DA CULTURA MARIÑEIRA E DAS EMBARCACIÓNS MUNICIPAIS. EXPTE. 13852/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 19/04/17 e o informe de fiscalización do 1/06/17, dáse conta do informe-proposta do 18/04/17, asinado polo xefe do Servizo de Emprego, o concelleiro-delegado de Desenvolvemento local e Emprego e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A lexislación vixente, e en particular a Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sosteñibilidade da Administración Local, modificatoria da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, establece como competencias municipais propias dos concellos as seguintes (artigo 25.2 da Lei, na súa nova redacción):

“El Municipio ejercerá en todo caso, como competencias propias, en los términos de la legislación del Estado y de las Comunidades Autónomas, en las siguientes materias:

- a) Urbanismo: planeamiento, gestión, ejecución y disciplina urbanística. Protección y gestión del patrimonio histórico. Promoción y gestión de la vivienda de protección pública con criterios de sostenibilidad financiera. Conservación y rehabilitación de la edificación.*
- b) Medio ambiente urbano: en particular, parques y jardines públicos, gestión de los residuos sólidos urbanos y protección contra la contaminación acústica, lumínica y atmosférica en las zonas urbanas.*
- c) Abastecimiento de agua potable a domicilio y evacuación y tratamiento de aguas residuales.*
- d) Infraestructura viaria y otros equipamientos de su titularidad.*
- e) Evaluación e información, de situaciones de necesidad social, y la atención inmediata a personas en situación o riesgo de exclusión social.*
- f) Policía local, protección civil, prevención y extinción de incendios.*
- g) Tráfico, estacionamiento de vehículos y movilidad. Transporte colectivo urbano.*
- h) Información y promoción de la actividad turística de interés y ámbito local.*
- i) Ferias, abastos, mercados, lonjas y comercio ambulante*
- j) Protección de la salubridad pública.*
- k) Cementerios y actividades funerarias.*
- l) Promoción del deporte e instalaciones deportivas y de ocupación del tiempo libre.***
- m) Promoción de la cultura y equipamientos culturales.***
- n) Participar en la vigilancia del cumplimiento de la escolaridad obligatoria, y cooperar con las Administraciones educativas correspondientes en la obtención de los solares necesarios para la construcción de nuevos centros docentes. La conservación, mantenimiento y vigilancia de los edificios de titularidad local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria o de educación especial.*
- ñ) Promoción en su término municipal de la participación de los ciudadanos en el uso eficiente y sostenible de las tecnologías de la información y las comunicaciones.*

No exercicio dalgunhas destas competencias propias e buscando, ao mesmo tempo, un mellor aproveitamento dos recursos municipais, o Concello de Vigo pode recoñecer á cidadanía o dereito fundamental a participar directamente na actividade da administración municipal, a través de procesos de colaboración co tecido asociativo local.

Neste senso, o Concello de Vigo ten constancia da existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, deportivas e culturais, etc., inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da cidadanía e mellora da súa calidade de vida, solucionado problemáticas sociais, cooperando co Concello na mellora do progreso socioeconómico da cidade, e que á súa vez integran proxectos máis amplos que conxugan vontades individuais co servizo á comunidade.

Dentro dese tecido social que se forma nos nosos barrios e parroquias, e que conforman a nosa cidade, é de salientar a participación no fomento da cultura mariñeira da Asociación de Mariñeiros e Deportivos de Bouzas, Asociación que ven colaborando, ao longo do tempo, co Concello de Vigo no desenvolvemento de diferentes programas de interese xera de vital importancia no desenvolvemento da cidade de Vigo, na recuperación dalgunhas embarcacións tradicionais de uso cotiá na bisbarra viguesa.

Constitúen, daquela as asociacións en xeral e a Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas en particular, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles aos que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo.

Atendendo ao Regulamento de Participación Cidadá, a “Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas” está inscrita no Rexistro Municipal de Entidades Cidadáns co número 490-96. Dende a súa creación, esta Asociación sempre tivo a prioridade de fomentar a cultura mariñeira para que non se perda e esqueza. De feito así están recollido nos propios Estatutos nos que se establecen fins sociais como:

- Levar a cabo actividades que conduzan a un maior coñecemento, aproveitamento e conservación das artes pesqueiras artesanais.
- Coñecemento do litoral, praias, flora e fauna e calquera outra actividade destinada a favorecer o mantemento e conservación de nosas costas.
- Denunciar ante as autoridades e organismos competentes, cantas irregularidades se aprecien en nosas costas, praias e augas.
- Realizar actividades con nenos e mozos para que coñezan e colaboren no mantemento da flora, fauna, artes e embarcacións. Todo elo para que poidan adquirir coñecemento da mar e aproveitamento do tempo libre.
- Coidar, manter e administrar calquera instalación cedida por calquera organismo competente, Concello, Autoridad Portuaria, Xunta de Galicia, etc. O que sexa propiedade de esta Asociación.

No afán de que non se perda a cultura mariñeira tradicional e sempre sen perseguir fins lucrativos nin especulativos (artigo 6º dos Estatutos), recuperan e constrúen réplicas de embarcacións tradicionais como Dornas, Gamelas, Buceta, Racú, Botes polbeiro e outros, sen esquecer os xa famosos faluchos, orixinais de Bouzas.

A Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas comprométese a colaborar coa Concellería de Emprego do Concello de Vigo, na difusión da cultura mariñeira empregando as embarcacións tradicionais propias e municipais para acadar este fin. Así mesmo comprométese ao mantemento, acondicionamento e amarre das mesmas para que poidan empregarse en calquera momento polo persoal da Asociación e autorizados polo Concello, concretamente:

- Acollida dos barcos que deseguido se relacionan, dentro das instalacións propias da Asociación e durante a vixencia do convenio.
 - “Vigo 05” Traiña de 11,25 m de eslora e 2,59 m de manga
 - “Praia do Vao” bote polbeiro de 4,80 m de eslora e 2,20 m de manga
 - “Praia da Fontaiña” gamela coruxeira de 4,5 m de eslora e 1,65 m de manga.
 - “Coruxo” galeón de 11 m de eslora e 3,30 m de manga.
 - “Illa de Toralla”. Dorna tope , de eslora 7,27, manga 2,49. Monta vela de relinga.
- Mantemento das embarcacións tradicionais descritas no parágrafo anterior, así como traslado destas embarcación coa finalidade da hibernación, preparación e mantemento das embarcacións, facéndose cargo dos gastos que lle correspondan, materiais e persoal necesario incluído. De tal xeito que esta embarcacións poidan empregarse en todo momento.
- Planificación, conxuntamente coa Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, de actividades culturais de difusión da cultura mariñeira cos medios que se precisen e coas embarcacións tradicionais.
- A Asociación disporá das embarcacións citadas, para o fomento da cultura mariñeira en eventos e a participación en todos cantos encontros, xuntanzas, xornadas de mar e en xeral as actividades que se realicen dende a Asociación, previa comunicación a Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, ademais daquelas que dende esta Concellería estime, previa comunicación co tempo suficiente dos cometidos, para preparar a tripulación e aparelar estas embarcacións.

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 de do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O convenio de colaboración se rexistrará en BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Polo anteriormente exposto, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- *Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que se achega como anexo entre o Concello de Vigo e a “Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas”, coa finalidade de promover a cultura mariñeira, promoción das embarcacións tradicionais propias e municipais (traíña, galeón, bote polbeiro e gamela coruxeira) , e que a nosa cidade siga sendo un referente para este tipo de actuacións, durante o ano 2017.*

- *O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, e na partida 2410 4890001, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 16.000,00 €, a favor da Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas.*
- *Autorizar o gasto por importe total de 16.000,00 €, como contrapartida do estipulado no presente Convenio, con cargo á partida orzamentaria 24104890001 "Convenio Asociación Mariñeiros Artesanais" de Desenvolvemento Local e Emprego.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil dezasete

REUNIDOS

Dunha parte, don Abel Ramón Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde Presidente do Ilmo Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, co CIF P-3605700-H, con enderezo na Praza do Rei núm. 1 de Vigo.

Doutra, don Ramón Vázquez Martínez, en calidade de presidente da "Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas", CIF nº G36799351 e enderezo social no Paseo Marítimo Valentín Paz Andrade, 1 de Bouzas, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación aportada dentro do expediente 13852/77.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade "Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas", ten entre outros tal e como se atopan nos seus estatutos os seguintes fins:

- *O fomento da cultura mariñeira para que non se perda nin se esqueza.*
- *Desenvolver actividades que conduzcan a un maior coñecemento, aproveitamento e conservación das artes pesqueiras artesanais.*
- *Fomentar o coñecemento do litoral, das súas praias, flora e fauna e calquera outra actividade destinada a favorecer o mantemento e conservación das nosas costas.*
- *Por en coñecemento das autoridades e organismos competentes, cantas irregularidades se aprecien nas nosas costas, praias e augas.*
- *Desenvolver de xeito activo todas cantas actividades sexan posibles dirixidas aos nenos e nenas, así como a mocidade para que desde o coñecemento do medio mariño participen activamente no mantemento da flora, fauna, así como das artes e embarcacións artesanais. Todo isto para que poidan adquirir coñecemento da mar e aproveitamento do tempo libre.*
- *Coidar, manter e administrar calquer instalación cedida por calquer organismo competente, Concello, Autoridad Portuaria, Xunta de Galicia, etc. ou que sexa propiedade desta Asociación.*

- *Recuperar e construír réplicas de embarcacións tradicionais como Dornas, Gamelas, Buceta, Racú, Botes polveiro e outros, sen esquecer os xa famosos faluchos, orixinais de Bouzas*
- *Desenvolver actividades de lecer tanto deportivas como culturais, participando coas embarcacións tradicionais propiedade da asociación ou aquelas que se xestionen directamente en xuntanzas, encontros e varadas a celebrar principalmente polas costas galegas e norte de Portugal, e de xeito excepcional en encontros internacionais de embarcacións tradicionais como é o caso das que se celebran nas cidades de Douarnez e Brest na Bretaña francesa.*
- *Que dentro das actividades a desenvolver pola "Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas" para este ano 2017 sobre a difusión da cultura mariñeira están entre outras as que figuran na proposta de acordo presentada pola asociación.*

II.- *Que dende o Concello de Vigo en colaboración coa Xunta de Galicia, estase a promocionar esta cultura mariñeira dende fai moitos anos non só como instrumento de lecer senon tamén como capacitación laboral con saída profesional. Para esta promoción da cultura mariñeira o Concello de Vigo puxo en marcha cinco Escolas Obradoiro denominadas "Mar de Vigo", nas que a parte dos programas de formación e inserción laboral ofreceron a mocidade entre 18 e 25 anos a posibilidade de obter formación especializada en diversas ramas profesionais como carpintería de ribeira, actividades náuticas e novas técnicas de construción naval.*

O Concello de Vigo dispón, na actualidade, das seguintes embarcacións tradicionais:

"Vigo 05" Traiña de 11,25 m de eslora e 2,59 m de manga

"Praia do Vao" bote polbeiro de 4,80 m de eslora e 2,20 m de manga

"Praia da Fontaiña" gamela coruxeira de 4,5 m de eslora e 1,65 m de manga.

"Coruxo" galeón de 11 m de eslora e 3,30 m de manga.

"Illa de Toralla" Dorna tope. De eslora 7,27, manga 2,49. Monta vela de relinga.

III.- *Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese público, social e cultural entre as que destacan as seguintes:*

- *Promoción por medio dunhas charlas-coloquios a construción de embarcacións tradicionais.*
- *Ensino e información de como se fai a preparación e carenado das embarcacións tradicionais.*
- *Actividade semanal para o ensino da navegación en embarcacións tradicionais (maio- outubro).*
- *Participación en encontros de embarcacións tradicionais (Carril - Vilagarcía, Vila do Conde, Muros, Moaña, Monforte – río Cave, etc.)*
- *Regatas de faluchos.*
- *Concurso de pesca dende as embarcacións tradicionais.*
- *Concerto de corais.*
- *Promoción a nivel local, autonómico, nacional e incluso internacional das embarcacións tradicionais polas súas características de construción en madeira e por seren réplicas de embarcacións tradicionais sendo estas o mellor referente para a difusión da cultura mariñeira.*

- *Exposición de embarcacións tradicionais non só para apreciarlas senon tamén para disfrutar da súa navegabilidade.*

- *Que esta asociación abrírase a calqueira outra proposta de difusión da cultura mariñeira que partise do Concello de Vigo para facer saídas promocionais, actividades culturais, deportivas ou turísticas en xeral que se considerase oportunas.*

Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento para o ano 2017, e na partida 2410 4890001, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 16.000,00 €, a favor da Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas.

E como se indica na ley de subvencións, no caso de preverse a financiación do gasto con cargo a un crédito nominativo, a concesión poderá ser de forma directa. Estas circunstancias limitan a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- *Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico, humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervintes conclúen o presente convenio de colaboración ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é ofrecer a difusión da cultura mariñeira dando a coñecer as embarcacións tradicionais tanto as da asociación como as de propiedade municipal (traíña, bote polveiro, gamela coruxeira, galeón e dorna de tope) para a realización deste tipo de actividades de difusión na nosa cidade.*

V.- *Que a entidade Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas non está incurso en prohibicións para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, estando ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non tendo débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que se achegan no expediente.*

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social, deportivo, cultural e incluso turístico que para a nosa cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas. O Concello de Vigo e a dita Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas convéñen a súa colaboración no ámbito da difusión da cultura mariñeira e a concesión da referida subvención en base aos seguintes:

PACTOS

Primeiro.- *A Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas comprométese a colaborar coa Concelaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos do Concello de Vigo a seguir traballando na difusión da cultura mariñeira por medio das actividades propias da asociación, así como do ensino sobre o mantemento e conservación das embarcacións tradicionais de propiedade municipal (traíña, galeón, bote polveiro, gamela coruxeira e dorna de tope) así como da realización de actividades culturais e deportivas relacionadas coa cultura mariñeira da cidade e, concretamente, a:*

- 1. Realizar as actividades culturais, de formación, deportivas, de lecer e de difusión conforme á programación proposta para a difusión da cultura mariñeira e das embarcacións tradicionais. Por medio de xornadas de portas abertas, cursos semanais de navegación nestas embarcacións, concursos de pesca no mar, etc....*
- 2. Como se especifica nos nosos estatutos manter, coidar e administrar calquer tipo de embarcacións para o seu perfecto estado de uso e conservación, promocionando as mesmas non só en terra senon tamén no seu manexo no mar.*

3. Realizar as xestións administrativas con capitanía marítima e outras administracións así como os tramites oportunos para que as embarcacións se atopen en toda regra para o seu uso e poder realizar as accións de difusión da cultura mariñeira.
4. Utilizar as embarcacións propias e municipais para a participación en encontros, xuntanzas e xornadas de mar e en xeral, promocionar non só a cultura mariñeira ou as embarcacións tradicionais senon tamén a nosa cidade como referente deste tipo actuacións de difusión a realizar dende a Asociación.
5. Acoller ás embarcacións municipais nos pantaláns de uso desta Asociación, para promover coas embarcacións propias da asociación todo este ben facer de recuperación das artes mariñeiras e das embarcacións tradicionais empregadas para tal fin. (Traiña "Vigo 05", Bote Polveiro "Praia do Vao", Gamela Coruxeira "Praia da Fontaiña", Galeón "Coruxo", Dorna Tope".

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as entidades beneficiarias deste tipo de subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- γλ Colaborar coa Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas, na realización de actividades de difusión e coñemento da cultura mariñeira, non só nas dirixidas aos nenos e nenas en idade escolar, senón a todo o público en xeral.
- γλ Emprestar as embarcacións tradicionais de propiedade municipal (traíña, galeón, bote polveiro, gamela coruxeira e dorna de tope) para a realización de actividades promotoras da cultura mariñeira da nosa cidade comprometéndose a asociación de mariñeiros artesanais de Bouzas en mantelas no mesmo estado no que se lles entrega.
- γλ Conceder directamente á entidade, de Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas, unha subvención por importe de 16.000,00€ co obxecto de coadxuvar á financiación das actividades ás que se compromete no pacto primeiro.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración, ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, en data límite 15 de decembro de 2017.

Os pagos xestionaríanse no nº de conta ES94 2080 5016 0430 4001 7025, segundo consta na certificación bancaria, aportada pola entidade.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiara ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subven-

cionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 50 % do importe da actividade subvencionada. Non podendo ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade do financiamento municipal nas actividades subvencionadas mediante a inserción do logo da Concellería Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, subministrado polo servizo xestor do convenio en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, así como, cumprir os seguintes puntos:

- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estarán integramente en idioma galego.
- O concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos dará a súa conformidade ás probas dos recursos publicitarios que se empreguen.
- De todo o material editado, entregaranse 5 exemplares ao Concello.
- As actividades, servizos ou produtos ofertados pola Asociación poderá conlevar unha achega económica por parte dos usuarios e usuarias, co obxecto de financiar o seu custo (billetes, entradas, rifas, etc...). Neste caso, a Asociación solicitará previamente, a conformidade da Concellería Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, dos correspondentes prezos para cada un dos casos.
- A difusión nos medios de comunicación das informacións sobre as actividades programadas, mediante roldas de prensa, entrevistas, traballos, difusión de noticias, etc, deberán estar previamente acordadas coa Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos.

Todo material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal.

Oitavo.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

Noveno.- Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario. A beneficiaria, no prazo de 1 mes a contar desde o remate da actividade subvencionada, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos financiarán tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro polo que apróbase o Regulamento polo que regulan as obrigacións de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se justifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para o que se concedeu a subvención.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado incorporaráse ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen ata o 31 de outubro de 2017.

Décimo segundo.- O cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos.

O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto sobre a axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución importante da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreziación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publica-

cións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos.

A beneficiaria poderá exercer-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- *A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2017

10(539).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRÍNCIPE DE VIGO” NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO PARA A POTENCIACIÓN DO COMERCIO DA ZONA CENTRO PRÍNCIPE DE VIGO. EXPTE. 13880/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 9/05/17 e o informe de fiscalización do 23/05/17, dáse conta do informe-proposta de data 1/06/17, asinado polo xefe do Servizo de Emprego, o concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral, así como o fomento do pequeno comercio mediante a creación de redes de establecementos en espazos abertos e colaborativos que permitan unha mellor dinamización do mesmo cara á creación de emprego estable e de calidade, procurando que os custes do convenio de colaboración coa agrupación sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións propias conforme aos seus estatutos da Asociación de Comerciantes de la calle del Príncipe de Vigo e, tendo en conta que o desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose de xeito continuado nos últimos anos e moi especialmente nos tres últimos anos, mediante a sinatura de convenios de colaboración coa “ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRÍNCIPE DE VIGO”, para a potenciación das contratacións de persoas desempregadas que lles permita obter unha maior formación e experiencia no desenvolvemento das súas actividades profesionais, polo que conforme establece a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade

da Administración local, no seu artigo 3.- “En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.

...”

O Concello de Vigo como instrumentador de políticas de emprego, está a executar novas iniciativas de fomento do Emprego de cara a incidir directamente na mellora da empregabilidade da cidadanía viguesa.

A continuación das iniciativas de fomento do Emprego, xurden para dar resposta á problemática que ten esta cidade en relación co mercado laboral, motivada na súa maior parte pola situación económica actual.

–Dentro destas iniciativas de fomento do Emprego para o ano 2017, tense en conta a situación do sector de servizos, e dentro deste o relacionado co pequeno comercio, así como a potenciación do emprego no mesmo, fomentando o coñecemento da rúa do Príncipe como espazo comercial aberto e, a súa implicación na creación de emprego, xa que é unha das que ofertan unha maior posibilidade de empregabilidade, de tal xeito que lles aporte unha mellor posición no mundo laboral. Estas actividades enmárcanse dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, como a relacionada coas feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante, puidendo promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións dos veciños e veciñas e, dentro destes, a prestación dos servizos de xeito máis eficaz o que redundará nunha mellor promoción e reinserción social, en concordancia co establecido Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.

–

A “Asociación de Comerciantes de la calle del Príncipe de Vigo”, solicita a través dun escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o pasado día 14 de marzo de 2017 co nº de documento 170039201, a colaboración do Concello de Vigo para a subscripción dun convenio que a través do proxecto “Plan Laboral Centro Príncipe 2017”, dunha banda instrumentará a realización de 5 novos contratos laborais, o que permitirá ás persoas contratadas mellorar as súas capacidades de integración laboral ao obter unha experiencia no campo do deseño gráfico, a xestión administrativa, a organización de eventos, a atención ao público, etc.; e por outra banda, intentará poñer en valor e recuperar a memoria histórica da zona ao tempo que tratará de revitalizar o sector comercial desta zona modernizándose e ampliando a oferta de servizos.

Este convenio de colaboración ten previstos os seguintes obxectivos:

1. Diferenciarse doutras formulas de comercialización, mediante a prestación dun servizo que contén un trato personalizado co cliente e aporta un alto valor engadido.
2. Apoiar o comercio tradicional como unha actividade que xera riqueza e emprego.
3. Poñer en valor e recuperar a memoria histórica da zona.

4. Ampliar a oferta de servizos.
5. Aumentar as vendas realizando todo tipo de actividades que xeneren o paso de clientes potenciais.
6. Estimular a actividade con campañas de fidelización adaptadas a cada un dos sectores representados.
7. Revitalizar o sector; modernizando o seu nivel tecnolóxico, de formación, etc.
8. Respostar ás necesidades e intereses dos asociados dun xeito eficaz.
9. Aumenten as vendas da zona realizando distintos tipos de actividades que xeneren o paso de clientes potenciais.
10. Aumenten o número de empresas asociadas e velar polos seus intereses.

Obxectivos que non minoran en ningún momento os principais obxectivos municipais de fomento do Emprego, senon máis ben, os complementan, como se amosa de seguido:

- Posibilitar o desenvolvemento da cidade na procura dun mercado de traballo baseado na xeración de alto valor engadido, apostando por persoas traballadoras cualificadas e implicadas no proxecto empresarial, isto é, persoal de alta produtividade en empresas competitivas con emprego de calidade.
- Potenciar o emprendemento, a figura do emprendedor e o mantemento das iniciativas emprendedoras como forma de creación de emprego.
- Facilitar a incorporación ás TICs do conxunto de vigueses que acudan aos servizos de emprego deste concello.
- Establecer procedementos de transición de ensino regrado ao mundo laboral.
- Avanzar na igualdade no emprego de homes e mulleres.
- Inserir laboralmente aos colectivos con máis dificultades de inserción no mercado de traballo para evitar os posibles riscos de exclusión social.
- Potenciar a creación de emprego vinculada ás novas necesidades da vida diaria, de mellora do marco de vida, de servizos culturais, de ocio e de medio natural.
- Establecer procedementos de participación dos axentes socioeconómicos no deseño, execución e avaliación dos diferentes programas de emprego.

Dentro das medidas de fomento do emprego e de apoio ás persoas desempregadas en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sindicais, empresariais e sociais máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociolaboral, as cales redundan no beneficio da cidade.

Na actualidade os departamentos municipais de Comercio e de Desenvolvemento Local e Emprego non dispoñen de persoal suficiente para garantir a mellora das prestacións do servizo do centro comercial aberto “Zona Príncipe”, dotar aos comerciantes de novas ferramentas de comunicación, promoción e innovación, cara a mellorar a súa capacidade e competitividade comercial, desenvolver accións de coñecemento do centro comercial aberto “Zona Príncipe”, mellorar a competitividade empresarial e fomentar o asociacionismo entre os comerciantes da zona..

–A aportación por un importe total de **50.000,00 €** do Concello de Vigo, á “Asociación de Comerciantes de la calle del Príncipe de Vigo”, se realiza pola necesidade de dinamizar os sectores que conforman a asociación e que se atopan en clara recesión, especialmente na contorna da rúa do Príncipe, e tendo en conta que a “Asociación de Comerciantes de la calle

del Príncipe de Vigo” ten un profundo coñecemento das necesidades do comercio minorista que desenvolve nesa zona da cidade e das súas actividades, o que lles permitirá desenvolver o proxecto presentado, o que permite non só mellorar a calidade e cantidade dos postos de traballo da zona, senon consolidar os existentes, tendo en conta a súa mellor competitividade, e adaptarse as necesidades que poidan xurdir da **declaración de Vigo, como zona de especial afluencia turística**, o que suporá unha importante modificación das condicións sociolaborais do persoal dos establementos comerciais da zona da rúa do Príncipe.

–As especiais circunstancias que se dan na zona afectada, que pola súa concentración de comercios maioritariamente de grandes cadenas comerciais, con un nivel de empregos elevado e unha orientación ao cliente distinta, plantexa a necesidade de artellar solucións diferentes e máis imaxinativas das doutras zonas da cidade que teñen un tipo de comercio máis estandarizado, circunstancias as que se debe engadir a declaración de Vigo como cidade de interese turístico, aspecto que terá unha grande influencia na zona de actuación da asociación xa que é unha zona con un importante xacemento do emprego, no ámbito comercial, o que permitirá a consolidación do emprego actual e o posterior incremento na zona de actuación da asociación.

Os custes estimados conforme á aplicación do establecido no convenio municipal para a contratación do persoal proposto pola entidade (2 administrativos -cunha xornada do 100% (40 horas semanais)-, 1 auxiliar administrativo -cunha xornada do 37,50% (15 horas semanais) -, 1 Auxiliar de Diseño Gráfico -cunha xornada do 100% (40 horas semanais)-, 1 ordenanza -cunha xornada do 100% (40 horas semanais), e contará coa dirección e coordinación de 1 coordinador do grupo A1 -cunha xornada do 50%-), necesarios sen ter en conta outros gastos como aluguer de instalacións, enerxía eléctrica, auga, etc, suporía:

- Custes salariais propostos pola entidade:

Categoría	Nº	Duración	Xornada	Salarios	Seg.Social	TOTAL
Auxiliar administrativo	1	5	38%	277,38 €	103,32 €	1.903,50 €
Administrativo	2	5	100%	1.423,18 €	530,13 €	19.533,10 €
Auxiliar diseño gráfico	1	5	100%	1.350,00 €	502,87 €	9.264,35 €
Ordenanza	1	5	100%	1.002,63 €	410,73 €	7.066,80 €
Coordinador	1	6	100%	1.428,71 €	532,19 €	11.765,40 €

Total Contratacións:	49.533,15 €
Outros custes:	750,00 €
TOTAL:	50283,15

- Custes salariais conforme o convenio municipal:

Posto	Nº Postos	Grupo	CD	C.ESP	Nº Meses	Basicas-Mes	CD Mes	Esp_Mes	Mensual	Prorrateo paga extra	Cotización Seg.Social	Seg.Social mes	Custes mes 100%xorn.	% Xornada	Meses Contrato	TOTAL
AUXILIAR DE ADMON XERAL	1	C2	16	166	5	605,24 €	353,43 €	592,84 €	1.551,51 €	129,29 €	32,10	539,54 €	2.220,34 €	37,50%	5	4.163,14 €
ADMINISTRATIVO DE ADMON XEF	2	C1	22	313	5	846,65 €	421,42 €	652,33 €	1.920,40 €	160,03 €	32,10	667,82 €	2.748,26 €	100,00%	5	27.482,58 €
ADMINISTRATIVO DE ADMON XEF	1	C1	22	313	5	846,65 €	421,42 €	652,33 €	1.920,40 €	160,03 €	32,10	667,82 €	2.748,26 €	100,00%	5	13.741,29 €
ORDENANZA	1	E	14	566	5	553,96 €	308,07 €	617,80 €	1.479,83 €	123,32 €	32,10	514,61 €	2.117,76 €	100,00%	5	10.588,80 €
COORDINADOR (A1)	1	A1	26	680	6	1.120,14 €	514,94 €	1.268,83 €	2.903,91 €	241,99 €	32,10	1.009,83 €	4.155,74 €	50,00%	6	12.467,21 €
COSTE TOTAL:													68.443,02 €			

O orzamento necesario para cubrir os custes salariais do persoal que se precisaría polo Concello de Vigo, para a dinamización e fomento do comercio da zona Centro-Príncipe de

Vigo, superaría amplamente o importe total do previsto no convenio para salarios aínda sen engadir os custes de gastos correntes solicitados e que en todo caso terían que ser asumidos polo Concello.

Doutra parte a contratación do servizo con empresas adicadas a esta actividade sería por un prezo moi superior, en todo caso, á achega municipal ao convenio.

Ademais dos custes propios do persoal (49.533,15 €), establécense uns gastos necesarios para o desenvolvemento das accións previstas no convenio e que suman a cantidade total de 750,00 € (1,45 % dos gastos salariais e de seguridade social a cargo da entidade), dos que o Concello de Vigo, asume **49.250,00 €** de custes salariais e de seguridade social e **750,00 €** de gastos de xestión, os 283,15 € restantes serán asumidos pola propia asociación.

Tendo en conta o prazo de execución do proxecto (**01/04/2017 ao 30/09/2017**), as imputacións a efectos orzamentarios será contra a partida 2410 4800006 “Convenio Emprego Asociación de Comerciantes zona Príncipe”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do ano 2017.

Establécese a inexistencia de relación laboral entre as persoas traballadoras directa ou indirectamente beneficiarias da subvención que se pretende conceder á “Asociación de Comerciantes de la calle del Principe de Vigo” e o Concello de Vigo.

Dentro das medidas de fomento do emprego e de apoio ás persoas desempregadas en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sindicais, empresariais e sociais máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociolaboral, as cales redundan no beneficio da cidade.

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O convenio de colaboración se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Atendendo ás observacións da intervención municipal, se teñe correxido os erros de cálculo no relacionado con importe de er aplicado o convenio municipal, no referido á xornada do auxiliar administrativo e dos meses de contrato do Coordinador.

Con relación o recordatorio das competencias da Comisión de Seguimento ao respecto de selección e posterior contratación das persoas propostas, ademais de verificar a publicidade das ofertas, se revisa o proceso de contratación no momento da xustificación, no referente a tipo de contrato, xornad laboral, categoría, etc.

Por todo o anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

- *Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a “Asociación de Comerciantes de la calle del Príncipe de Vigo”, con CIF: G36636942.*
- *Autorizar o gasto de 50.000,00 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410 4800006 “Convenio Emprego Asociación de Comerciantes zona Príncipe”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do ano 2017, e comprometer o mesmo a favor da “Asociación de Comerciantes de la calle del Príncipe de Vigo”, para o cumprimento dos obxectivos recollidos no convenio de colaboración.*
- *Facultar ao Concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, para asinar o citado convenio.*
- *Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO” NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO PARA A POTENCIACIÓN DO COMERCIO DA ZONA CENTRO PRÍNCIPE DE VIGO

Na Casa do Concello de Vigo, ____ de ____ de dous mil dezasete.

REUNIDOS

Dunha parte, Don Santos Héctor Rodríguez Díaz co DNI 36008431-E, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de delegacións de Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015, con enderezo na Praza do Rei núm. 1, 36202 de Vigo, e CIF P3605700-H.

Doutra parte, Don Cándido Rial Covelo co DNI 35965766E en calidade de Presidente da “ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO”, facultado pola propia entidade en xuntanza mantida o 13/03/2017, con domicilio social en Rúa Urzaiz, 8 - 2º, 36202 de VIGO e CIF G36636942.

Actúan ambas partes no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan recoñecéndose reciprocamente a capacidade suficiente par asinar este convenio.

EXPOÑEN

PRIMEIRO: Que a mellora do benestar da cidadanía de Vigo é a tarefa fundamental do Concello de Vigo. A súa situación en relación co emprego é un elemento fundamental do seu benestar, e por medio de proxectos integrados de fomento do Emprego intervén para acadar unha sociedade mais inclusiva, mais xusta e equilibrada e, tendo en conta que o desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose de xeito continuado nos últimos anos e moi especialmente nos tres anos anteriores, mediante a sinatura de convenios de colaboración coa “ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO”, para a potenciación das contratacións de persoas desempregadas que lles permita obter unha maior formación e experiencia no desenvolvemento das súas actividades profesionais. Polo que, conforme establece a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- “En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.

b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.

...”

A estratexia polo emprego que supón esta iniciativa non é un elemento illado, senón toma en consideración un conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, educativo, veciñal e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, así como a potenciación do emprego no sector comercial, fomentando o coñecemento e dos centros comerciais abertos e, a súa implicación na creación de emprego, xa que é unha das que ofertan unha maior posibilidade de empregabilidade, procurando que os custes do convenio de colaboración coa agrupación de comerciantes sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións propias de ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de persoas desempregadas na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coa ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO.

A colaboración coa ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO, dentro do marco do fomento do emprego, permitirá que por medio da instrumentación de novos contratos laborais, se dinamice a inserción en profesións relacionadas co sector servizos e a creación de novos postos no mercado laboral concedendo a oportunidade de obter unha formación teórico práctica que lles permita mellorar sus opcións de empregabilidade, así como mellorar, mediante os proxectos desenvolvidos desde a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO, a dinamización dos centros comerciais abertos, mellorando o tecido productivo local, así como as competencias requiridas no seo das empresas do eido local.

MANIFESTAN

I.- - Que a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO, conforme á súa proposta presentada no rexistro xeral do Concello de Vigo o pasado día 14

de marzo de 2017 co nº de documento 170039201, ten entre outros, os seguintes obxectivos:

- *Dotar de medios persoais e profesionais á entidade para desenvolver accións encaminadas a:*
 1. *Diferenciarse doutras formulas de comercialización, mediante a prestación dun servizo que contén un trato personalizado co cliente e aporta un alto valor engadido.*
 2. *Apoiar o comercio tradicional como unha actividade que xera riqueza e emprego.*
 3. *Poñer en valor e recuperar a memoria histórica da zona.*
 4. *Ampliar a oferta de servizos.*
 5. *Aumentar as vendas realizando todo tipo de actividades que xeneren o paso de clientes potenciais.*
 6. *Estimular a actividade con campañas de fidelización adaptadas a cada un dos sectores representados.*
 7. *Revitalizar o sector; modernizando o seu nivel tecnolóxico, de formación, etc.*
 8. *Respostar ás necesidades e intereses dos asociados dun xeito eficaz.*
 9. *Aumenten as vendas da zona realizando distintos tipos de actividades que xeneren o paso de clientes potenciais.*
 10. *Aumenten o número de empresas asociadas e velar polos seus intereses.*

Estes obxectivos acadaranse coa contratación de 5 persoas desempregadas da nosa cidade que serán coordinadas por unha persoa da propia entidade.

II.- *Que o Concello de Vigo recoñécelle á ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO, a condición de participante a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a mellora da empregabilidade contribuiría favorablemente no eido laboral da cidade.*

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar con todos os entes, organismos, administracións, axentes sociais, etc, máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de laboral-formativo e experiencial que permitan lograr que as persoas traballadoras sexan actores clave na mellora da situación de crise actual fomentando a contratación dos colectivos máis desfavorecidos, así como de persoal cualificado cara á mellora da súa empregabilidade redundando no beneficio da cidade en xera, e das persoas desempregadas en particular.

III.- *Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo.*

Estas circunstancias así como o profundo coñecemento que ten a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO da situación dos comercios relacionados co sector do comercio minorista na zona Príncipe de Vigo, así como da falta de persoal especializado na formación, asesoramento e implantación de campañas de dinamización do comercio mediante técnicas presenciais e do uso das novas tecnoloxías no Concello de Vigo, impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- *Toda vez que de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervincentes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita axuda, co obxecto de desenvolver un proxecto de mellora na prestación de servizos no centro comercial aberto da zona "Centro Príncipe" de Vigo, e dotar ao colectivo empresarial de novas ferramentas de comunicación, promoción e innovación cara a mellora da súa capacidade e competitividade comercial, así como a adquisición de experiencias laborais nese ámbito a persoas desempregadas de Vigo.*

V.- *Que a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.*

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO, o Concello de Vigo e a dita federación conveñen a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- *A ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo en canto á mellora na prestación de servizos nos centros comerciais abertos, e dotar ao colectivo empresarial de novas ferramentas de comercialización, promoción e innovación cara a mellora da súa capacidade e competitividade, ampliar a oferta de servizos e o fomento do asociacionismo entre os comerciantes da zona así como a adquisición de experiencias laborais nese ámbito, e concretamente, a:*

Asumir a programación, organización e xestión, sempre co acordo do servizo xestor (a concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos), das seguintes actividades:

- *Dotar de medios persoais e profesionais á entidade para desenvolver accións encaminadas a:*

1. *Diferenciarse doutras formulas de comercialización, mediante a prestación dun servizo que contén un trato personalizado co cliente e aporta un alto valor engadido.*
 2. *Apoiar o comercio tradicional como unha actividade que xera riqueza e emprego.*
 3. *Poñer en valor e recuperar a memoria histórica da zona.*
 4. *Ampliar a oferta de servizos.*
 5. *Aumentar as vendas realizando todo tipo de actividades que xeneren o paso de clientes potenciais.*
 6. *Estimular a actividade con campañas de fidelización adaptadas a cada un dos sectores representados.*
 7. *Revitalizar o sector; modernizando o seu nivel tecnolóxico, de formación, etc.*
 8. *Respostar ás necesidades e intereses dos asociados dun xeito eficaz.*
 9. *Aumenten as vendas da zona realizando distintos tipos de actividades que xeneren o paso de clientes potenciais.*
 10. *Aumenten o número de empresas asociadas e velar polos seus intereses.*
- Realizar convocatoria pública mediante inserción de anuncios na páxina web da entidade e na páxina web municipal xestionada pola área de Participación Cidadá "Asociacións en rede" (<http://asociacións.vigo.org>, cando menos 5 días antes da realización da selección, así como a exposición da convocatoria no taboleiro de anuncios do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e no Centro Municipal de Emprego, o secretario da entidade certificará a súa publicación ante a Comisión de seguimento, dos postos a contratar.*
 - As contratacións serán exclusivamente de persoas empadroadas no Concello de Vigo, cando menos desde o 1 de xaneiro de 2016.*
 - Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.*
 - No emprazamento das accións e na páxina inicial da web da entidade deberá constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.*
 - Calquera edición, roupa de traballo e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio realizaranse no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos- como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.*
 - Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.*

- Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
- Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
- Respetar a estrutura organizativa da ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO.
- Conceder directamente á ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO unha subvención por importe de 50.000,00 € (dos que 750,00 € serán destinados a custes de xestión para o desenvolvemento das accións e 49.250 €, a custes salariais) como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410.4800006 "CONVENIO EMPREGO COA ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES ZONA PRINCIPE", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de contratación de persoal, xestión e organización das actividades previstas.

Terceiro.- Esta axuda será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade obxecto do convenio. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas no artigo anteriormente referendado e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiara ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidades sindicais.

Quinto.- Se o custe total da actividade resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade conveniada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada obxecto do convenio.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade. A devandita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

–A información, especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.

–En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.

–A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos.

Oitavo.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Noveno.- Comisión de seguimento.

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

- O concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
- Tres vocais:
 1. Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
 2. Dous membros da ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO.

Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para

a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluíra a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
- Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- Realizar a selección de persoal a contratar e propor as contratacións de persoal a realizar.
- Supervisar o cumprimento da normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

Décimo.- A beneficiaria, antes do **1 de novembro de 2017** deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiarán tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ... euros.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro polo que se aproba o Regulamento polo que regulan as obrigacións de facturación. Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non/Será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a axuda.

As retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- Copia autenticada do contrato.
- Copia autenticada do TC1 e TC2 correspondente aos meses imputados.
- Copia autenticada das nóminas correspondente aos meses imputados.
- Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.
- Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora do convenio procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da axuda

e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á axuda conveniada; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado. A copia do xustificante orixinal estampado se incorporará ao expediente e a área xestora da convenio procederá á devolución do orixinal.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, éste requerirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a exixencia da reintegro y demás responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencions. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancions que, conforme á Lei Xeral de Subvencions, correspondan.

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencions de Galicia.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o **1 de abril e o 30 de setembro de 2017**.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da axuda será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacion con Sindicatos. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade obxecto da subvención.

Décimo cuarto.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacion con Sindicatos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencions.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG, nos casos:

1. Incumplimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da axuda.
2. Incumplimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente.
3. Incumplimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado sétimo do convenio.

4. *Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades obxecto do convenio, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*
5. *Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da axuda, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da axuda.*
6. *Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da axuda, distintos dos anteriores, cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades obxecto do convenio, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

Cando o incumprimento da actividade obxecto do convenio se traduza nunha diminución significativa da actividade obxecto do convenio, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da convenio, procederá o reintegro da axuda na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da axuda sobre o custo da actividade obxecto do convenio.

Décimo sexto.- *En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento, para a súa apreciación e imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*

Décimo sétimo.- *A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da axuda obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade realizada e demais actuacións previstas en orden á conclusión do proceso, polo que a súa achega é obligatoria.*

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos..

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo.

Décimo oitavo.- A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

Décimo noveno.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Vixésimo.- O periodo de vixencia do convenio remata o 31 de decembro de 2017.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2017.

11(540).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE MEMORIA E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA DA “CONVOCATORIA DE AXUDAS E SUBVENCIÓN DIRIXIDAS A ENTIDADES LOCAIS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DA RISGA PARA O ANO 2017”. EXPTE. 14061/77.

Visto o informe de fiscalización do 1/06/17, dáse conta do informe-proposta do 30/05/17, asinado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento local e Emprego, o secretario de Admón. Municipal e polo concelleiro-delegado de Emprego, que di o seguinte:

No Diario Oficial de Galicia de 22 de maio de 2017, a consellería de Economía, Emprego e Industria vén de publicar a “ORDE do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) ”.

Así a través deste programa, a Xunta de Galicia subvenciona os custos salariais totais por un periodo de contratación subvencionable de sete (7) meses e a xornada de traballo será como máximo do 75 %, non podendo, en ningún caso, ser inferior ao 50 %, de persoas en situación ou risco de exclusión social cunha antigüidade mínima de seis meses como perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga), co obxecto de proporcionarlles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral.

A convocatoria ten, entre outros, os seguintes condicionantes:

- Beneficiarias: persoas desempregadas que deberán estar inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do

contrato. Terán preferencia, en todo caso, as persoas perceptoras da Risga que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral e os maiores de 45 anos e os que teñan cargas familiares.

- Máximo de ata 40 contratacións, tendo en conta que Vigo ten máis de 700 persoas perceptoras da Risga.
- A axuda abarca os salarios e custos empresariais segundo o convenio de aplicación, excepto a indemnización por cese, que sería a única cantidade que en concepto de retribución ás persoas participantes o Concello de Vigo debería cofinanciar en caso de resolución favorable aprobatoria de subvención.
- A presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.
- O prazo de presentación de solicitudes remata o 22 de xuño de 2017.

É por isto que Desenvolvemento Local e Emprego solicitou aos departamentos municipais de Fomento e Limpeza a elaboración de proxectos da actuación de interese para o seu ámbito competencial que puideran acollerse a esta subvención, especificando que as actuacións propostas deben diferenciarse claramente das funcións propias da plantilla municipal, que a formación obrigatoria do persoal traballador é responsabilidade do departamento ao que estes se adscriban, e que, así mesmo, os custos de materiais, de funcionamento e cartel explicativo deben ser asumidos por cada departamento.

Para o presente ano 2017, de resultas desta solicitude enviada, o servizo de Desenvolvemento Local e Emprego presentou memoria, por un importe total de **167.749,47 €**, resultando as contratacións indicadas no cadro que se achega, facendo un total de 20 persoas traballadoras naqueles ámbitos nos que, segundo as indicacións dos/as responsables técnicos e concelleiros/as, existía unha maior necesidade de actuación; aplicando o Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007, subsidiariamente vixente e coas táboas salariais actualizadas ao Salario Mínimo Interprofesional de 2017.

Así no cadro que se achega resúmense os datos básicos do proxecto presentado polo servizo que finalmente serán presentados á convocatoria de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Risga neste ano 2017, especificando, o número de perfís das persoas traballadoras solicitadas, a duración da obra ou servizo e o custo salarial (que equivale á subvención que se solicita), cun periodo de contratación de 7 meses e unha xornada do 75%.

TOTALS DAS MEMORIAS		Persoal	Custe
DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO	Mellora das zonas públicas	20	167.749,47 €
TOTAL		20	167.749,47 €

PERIODOS DE CONTRATACIÓN:

- **Desenvolvemento Local e Emprego**

- 7 meses e co 75% da xornada (28 horas 7,5 minutos semanais)

Para o desenvolvemento das actividades previstas nas memorias calcúlanse os seguintes gastos:

- MATERIAS OBRA:

- Totais gasto materiais de obras: 16,257,72€
Os custes dos materiais se realizará contra a partida do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego 2410 21000000.

Por todo o anteriormente exposto, e seguindo instrucións do concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos sindicatos, PROPONSE á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Aprobar a memoria do servizo de *Desenvolvemento Local e Emprego*, "*Mellora das zonas públicas*", que se achega no anexo I para presentar á convocatoria de axudas e subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Risga para o ano 201, e que se resume no cadro que se achega no Anexo I.
2. *Solicitar á Xunta de Galicia unha subvención de 167.749,47 € para o desenvolvemento das memorias aprobadas.*
3. *Asumir as obrigas económicas que o Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento destes proxectos, no caso de seren aprobados pola Xunta de Galicia.*
4. *Delegar no concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos sindicatos, D. Santos Hector Rodríguez Díaz a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I: Resumo de proxecto memoria do servizo:

DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO
Mellora das zonas públicas

Postos	Categoría	Salario mes	Prorrateo pagas extras	Importe bruto mes	Base de cotización	CNAE/Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total estimado	Custe postos/mes	Custes posto 7 meses	75 % XORNADA
2	Capataz- Construción	745,24	124,21	869,45	869,45	84/d	38,10	331,26	1.200,71	2.401,42	16.809,93	12.607,45 €
4	Oficial albanel	728,80	121,47	850,26	850,26	84/d	37,80	321,40	1.171,66	4.686,66	32.806,60	24.604,95 €
1	Oficial fontaneiro	728,80	121,47	850,26	850,26	84/d	37,80	321,40	1.171,66	1.171,66	8.201,65	6.151,24 €
3	Of. xardinería	728,80	121,47	850,26	850,26	84/g	34,70	295,04	1.145,31	3.435,92	24.051,43	18.038,57 €
2	Of. conducción	728,80	121,47	850,26	850,26	84/-	32,75	278,46	1.128,73	2.257,45	15.802,16	11.851,62 €
8	Peóns construción	707,70	117,95	825,65	825,65	84/d	37,80	312,10	1.137,75	9.101,97	63.713,76	47.785,32 €
8	Peóns xardinería	707,70	117,95	825,65	825,65	84/g	34,70	286,50	1.112,15	8.897,20	62.280,43	46.710,32 €
20	CUSTES SALARIAIS MEMORIA											167.749,47 €

PRESUPUESTO E PARTIDA ORZAMENTARIA.

- 2410 21000000 MATERIAIS CONSTRUCIÓN E OBRAS 16,257,72 €

12(541).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE VIXILANCIA DE SEGURIDADE E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS DE SEGURIDADE EN CENTROS E ACTIVIDADES DA REDE MUSEÍSTICA E EXPOSITIVA. EXPTE. 457/341.

Visto o informe de fiscalización do 31/05/17, dáse conta do informe-proposta do 29/05/17, asinado polo xefe do Servizo de Museos municipais, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o secretario de Admón. Municipal, o concelleiro-delegado de Cultura e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE.

- RD Leg 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público. TRLCSP
- RD 1098/2001 Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
- RD Leg 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.
- RD Leg 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

ANTECEDENTES

1. A Xunta de Goberno Local con data 23 de xuño de 2014 acordou (expte. 457/341):
"Adxudicar a Unión Temporal de Empresas formada por Sistemas de Seguridade A-1 e Servizos de Seguridade Integral e Mantementos A-1 S.L., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de vixilancia de seguridade e mantemento de instalacións de seguridade en centros e actividades da Rede Museística e Expositiva. (expediente 457-341) por un prezo total de 1.663.328,72 € (IVE incluído), sendo a cota

correspondente ao IVE de 288.676,88 € e un 7,06 % de baixa proporcional única para os prezos unitarios dos servizos de vixilancia e o prezo anual do servizo de mantemento fixados no apartado 3.F da Folla de Especificacións do contrato

Así mesmo se compromete a achegar as melloras dos elementos de seguridade antiintrusión especificadas no apartado 8.B).2º das FEC para todos os centros da rede museística municipal especificados no apartado 2.A) das FEC.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

2. Con data 18 de agosto de 2014, asinouse o contrato administrativo entre o Concello de Vigo e a UTE SISTEMAS DE SEGURIDADE A-1 S.L. e SERVICIOS DE SEGURIDADE INTEGRAL E MANTENEMENTOS A-1 S.L, CIF U70420203, polo que esta empresa “comprométese á prestación dos servizos de vixilancia e mantemento de instalacións de seguridade en centros e actividades da Rede Museística e Expositiva do Concello de Vigo con estricta suxeición ó prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas aprobados polo Excmo. Concello, documento contractual que acepta plenamente e do que deixa constancia asinando a súa conformidade”. Os servizos de vixilancia préstanse no Museo Municipal “Quiñones de León”, Pinacoteca “Francisco Fernández del Riego” Casa das Artes e Casa Galega da Cultura; os servizos de mantemento de instalacións de seguridade e contraincendios, ademais deste catro centros. tamén se prestan en Verbum-Casa das Palabras e CAT.

3. “O prazo do contrato será de tres anos, contado dende o 1 de setembro de 2014” establecéndose nas FEC a opción de 3 prórrogas dun ano de duración cada unha.

4. A porcentaxe de redución da adxudicataria fora do 7,06 % respecto aos importes de licitación polo que o prezo máximo polo que se subscribiu o contrato para as tres anualidades é de 1.663.328,72 € (IVE incluído), que se distribúen do seguinte xeito: 188.605,66 € do 1 de setembro ao 31 de decembro de 2014; 554.442,91 € xaneiro-decembro de 2015 e 2016 e 365.837,25 € do 1 de xaneiro ao 31 de agosto de 2017.

Os prezos unitarios de adxudicación foron.- Servizos de vixilancia de seguridade: 19,40 € hora laborable diurna; 20,79 € hora festiva diurna; 21,14 € hora laborable nocturna; 22,54 € hora festiva nocturna. Servizos de mantemento de instalacións de seguridade: 22.748,11 €/anualidade (4 revisións).

Revisións de prezos do contrato.- De acordo co establecido no PCAP realizáronse dúas revisións de prezos. Primeira revisión de prezos (-0,05%), aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 8 de abril de 2016. Servizos de vixilancia de seguridade: 19,38 € hora laborable diurna; 20,78 € hora festiva diurna; 21,13 € hora laborable nocturna; 22,53 € hora festiva nocturna. Servizos de mantemento de instalacións de seguridade: 22.736,73 €/anualidade (4 revisións).

Segunda revisión de prezos (-0,05%), aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 4 de maio de 2017. Servizos de vixilancia de seguridade: 19,37 € hora laborable diurna; 20,77 € hora festiva diurna; 21,12 € hora laborable nocturna; 22,52 € hora festiva nocturna. Servizos de mantemento de instalacións de seguridade: 22.725,37 €/anualidade (4 revisións).

5. Por escrito de entrada no Rexistro Xeral, nº 170012994 de data 01/02/2017, D. Jesús Roade García, en nome e representación da UTE SISTEMAS DE SEGURIDADE A-1 S.L. e SERVICIOS DE SEGURIDADE INTEGRAL E MANTENEMENTOS A-1 S.L. solicita a tramitación da prórroga do contrato dos servizos de vixilancia de seguridade e mantemento das instalacións de seguridade na rede de museos de Vigo, manifestando que de producirse non se vai opoñer e a vai aceptar.

6. Consta no expediente resolución do concelleiro-delegado da Área de Cultura, de data 24 de maio de 2017, dispoñendo que se proceda a instruír a prórroga do contrato por ser necesario continuar coa prestación do servizo da empresa contratada para a execución dos devanditos servizos, co persoal cualificado para a execución dos mesmos e cos resultados satisfactorios acadados.

7. Esta xefatura informa que a empresa U.T.E. SISTEMAS DE SEGURIDADE A-1, S.L. E SERVICIOS DE SEGURIDADE INTEGRAL E MANTENEMENTOS A-1, S.L. ten cumprido satisfactoriamente con estipulado no citado contrato e nos pregos técnicos e PCAP, desenvolvendo correctamente as obrigas encomendadas, sin que se teñan producido incumprimentos pola súa parte ou algún tipo de queixa. Os técnicos responsables do Museo Quiñones de León e do Verbum-Casa das Palabras tamén teñen manifestado que as prestacións se desenvolven pola empresa de forma adecuada aos pregos; sobre as prestacións de mantemento dos sistemas de seguridade tamén informa favorablemente o encargado de instalacións culturais. Así mesmo foron implantadas as melloras dos elementos de seguridade antiintrusión especificadas no apartado 8.B).2º das FEC.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Regula o art. 303.1 do TRLCSP, respecto á duración inicial dos contratos de servizos, que os mesmos no poderán ter un prazo de vixencia superior a catro anos, se ben poderá preverse no contrato a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización daquel, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non exceda de seis anos. No caso de que a duración inicial fose inferior a catro anos, as prórrogas non poderán exceder, aislada ou conxuntamente, do prazo fixando orixinariamente.

2.- En línea co anterior, o art. 23.2 do TRLCSP, establece que o contrato poderá prever unha ou varias prorrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración de éstas, e que na concurrencia para a súa adxudicación realizouse tendo en conta a duración máxima do contrato, incluídos os períodos de prórroga. Así mesmo, a prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato expresamente prevea o contrario, sen que poida producirse por consentemento tácito das partes.

3.- Neste senso, na cláusula 7 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares establece que a duración do contrato e das súas prórrogas establécense nos apartados 4.A) e 4.C) das FEC, que determinan un prazo de execución de 3 anos e 3 prórrogas dun ano de duración cada unha. A prórroga require acordo previo e expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e que o contratista non se opoña a mesma cunha antelación

de cinco meses respecto do vencemento do contrato; neste caso, o contratista non só non se ten oposto senon que ten solicitado a prórroga do contrato.

4.- O expediente de prórroga do contrato iniciarase polo órgano de contratación conforme o previsto no art. 109.1 do TRLCSP, estando delegada no Concello de Vigo esa competencia por acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015 nos concelleiros delegados de Área. A tal fin consta no expediente resolución do concelleiro da Área de Cultura de data 24 de maio de 2017 autorizando o inicio deste expediente de prórroga do contrato.

5. Conforme ao previsto no art. 109.3 deberá incorporarse o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención Xeral nos termos previstos na lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Presupuestaria.

6.- A competencia para a resolución do presente expediente e aprobación do gasto correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación de conformidade ao art. 110.1 do TRLCSP.

7.- A primeira prórroga anual do contrato sería dende o 1 de setembro de 2017 ao 31 de agosto de 2018 e o seu importe máximo de 554.442,91 €; correspondendo 188.605,66 € a 4 meses do exercicio 2017 (177.231,60 € por servizos de vixilancia e 11.374,06 € por 2 revisións de servizos de mantementos) e 365.837,25 € a 8 meses do exercicio de 2018 (354.463,20 € por servizos de vixilancia e 11.374,05 € por 2 revisións de servizos de mantementos).

Á vista do exposto, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, previo informe da Intervención Xeral, coas conformidades do xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, do secretario de Administración Municipal, do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Facenda e Orzamentos, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

“PRIMEIRO.- Aprobar a primeira prórroga do contrato de servizos de vixilancia de seguridade e mantementos de instalacións de seguridade en centros e actividades da rede musical e expositiva (expte. 457/341), polo período dun ano, é dicir, dende o 1 de setembro de 2017 ao 31 de agosto de 2018, polo importe máximo total de cincocentos cincuenta e catro mil catrocentos corenta e dous euros con noventa e un céntimos (554.442,91 €), IVE incluído.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto por importe máximo total de cincocentos cincuenta e catro mil catrocentos corenta e dous euros con noventa e un céntimos (554.442,91 €), IVE incluído, a favor de U.T.E. SISTEMAS DE SEGURIDADE A-1, S.L. E SERVICIOS DE SEGURIDADE INTEGRAL E MANTENEMENTOS A-1, S.L. (CIF U70420203), con cargo á partida 3330.227.01.01 “Servizos de seguridade dependencias”, do cal corresponden: ao exercicio económico de 2017 (4 meses) 188.605,66 € (177.231,60 € por servizos de vixilancia e 11.374,06 € por 2 servizos trimestrais de mantementos) e ao exercicio eco-

nómico de 2018 (8 meses), 365.837,25 € (354.463,20 € por servizos de vixilancia e 11.374,05 € por 2 servizos trimestrais de mantementos).

Os servizos de vixilancia préstanse no Museo Municipal "Quiñones de León", Pinacoteca "Francisco Fernández del Riego" Casa das Artes e Casa Galega da Cultura; os servizos de mantemento de instalacións de seguridade e contraincendios, ademais deste catro centros. tamén se prestan en Verbum-Casa das Palabras e CAT.

Os prezos unitarios do contrato, co IVE incluído, serán os actualmente vixentes, aprobados pola Xunta de Goberno Local en sesión do 4 de maio de 2017.- Servizos de vixilancia de seguridade: 19,37 € hora laborable diurna; 20,77 € hora festiva diurna; 21,12 € hora laborable nocturna; 22,52 € hora festiva nocturna. Servizos de mantemento de instalacións de seguridade: 22.725,37 €/anualidade (4 revisións).

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario e publicar este no perfil do contratante do Concello de Vigo".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(542).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez